



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Johan Carballeira**  
Rúa StaffanMöring nº 4. 36930 Bueu.Pontevedra  
[ies.johan.carballeira@edu.xunta.es](mailto:ies.johan.carballeira@edu.xunta.es)  
Tlf: 886159176/Fax: 886159188



**IES JOHAN CARBALLEIRA**

**PROXECTO EDUCATIVO DE  
CENTRO**

**CURSO 2020-2021**



<b>Data</b>	14 de Novembro 2020
<b>Versión</b>	Ver 1.0
<b>Tipo</b>	Documentación do Centro



<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>5</b>
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO</b>	<b>5</b>
<b>2.1. CONTEXTO XEOGRÁFICO E SOCIOECONÓMICO</b>	<b>6</b>
2.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA	6
2.1.2. ECONOMÍA	7
2.1.3. POBOACIÓN	8
2.1.4. SITUACIÓN SOCIOCULTURAL	9
2.1.5. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	10
<b>2.2. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS</b>	<b>11</b>
2.2.1. OBXECTIVOS DE CARÁCTER PEDAGÓXICO	13
2.2.2. OBXECTIVOS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO	14
2.2.3. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS	15
<b>2.3. ESTRUTURA ORGANIZATIVA</b>	<b>17</b>
2.3.1. INFRAESTRUCTURA DO CENTRO E RECURSOS MATERIAIS	17
2.3.2. OFERTA EDUCATIVA ACTUAL	18
2.3.3. ÓRGANOS DE GOBERNO	19
2.3.4. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	19
2.3.5. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO	20
2.3.6. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE	20
2.3.7. ANPA	21
2.3.8. COMISIÓN MIXTAS	21
2.3.8. RELACIÓN DO CENTRO CON OUTRAS INSTITUCIÓN	21
<b>3. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.</b>	<b>22</b>
<b>3.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA AO CONTEXTO DO CENTRO</b>	<b>22</b>
<b>3.2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA) AO CONTEXTO DO CENTRO.</b>	<b>26</b>
<b>3.3. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS CICLOS FORMATIVOS DA FORMACIÓN BÁSICA DO CENTRO</b>	<b>30</b>
3.3.1. FINALIDADE DA FORMACIÓN BÁSICA	30
3.3.2. OBXECTIVOS DE ETAPA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	30
3.3.3. ESTRUCTURA DA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	31
3.3.4. OFERTA DO CENTRO:	31
3.3.5. CONTEXTUALIZACIÓN DENTRO DO CENTRO.	32
<b>3.4. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO AO CONTEXTO DO CENTRO</b>	<b>32</b>
<b>3.5. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS CICLOS FORMATIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO</b>	<b>36</b>
<b>4. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS</b>	<b>50</b>
<b>5. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.</b>	<b>54</b>
<b>5.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS</b>	<b>55</b>



<b>5.2. PROCEDIMENTOS METODOLÓXICOS COMÚNS</b>	<b>56</b>
<b>5.3. APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS CONSTRUTIVISTAS ÁS VARIABLES QUE CONTRIBÚEN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>56</b>
<b>6. INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS</b>	<b>60</b>
<b>7. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>65</b>
<b>8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE</b>	<b>76</b>



## 1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) (art. 88 do D324/1996), é o documento que recolle as decisións asumidas por toda a comunidade escolar respecto aos aspectos educativos básicos e aos principios xerais, conforme aos cales se orientara a organización e xestión do centro.

Os elementos propios do Proxecto Educativo de Centro son:

Os sinais de identidade, ou principios e opcións educativas básicas que se adoptan para o desenvolvemento das actuacións promovidas no Centro.

As finalidades nas que se concretan tales principios e opcións (obxectivos do Centro) e a revisión á vista de tales finalidades, dos obxectivos xerais do currículo das etapas que se imparten no Centro

A definición dos mecanismos de colaboración coas familias do alumnado e con outras institucións, así como a estrutura organizativa e de xestión do Centro. A formalización deste último aspecto quedará concretado nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

A proposta do Proxecto educativo de centro é elaborada polo equipo directivo, segundo os criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro. A súa aprobación e avaliación corresponde ao Consello Escolar.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O “IESP de Bueu”, denominación inicial do centro, foi inaugurado no ano 1990, acollendo a un alumnado naquel intre escolarizado en instalacións provisionais de Bueu, ou ben que estudaba noutras localidades limítrofes da bisbarra do Morrazo e na propia cidade de Pontevedra.

Johan Carballeira é o seudónimo utilizado polo que fora alcalde da Vila, Don José Gómez de la Cueva, e que na súa faceta de articulista de prensa, e mesmamente como poeta, acostumaba a empregar, segundo está documentado.

Aínda que nado en Vigo, Don José Gómez de la Cueva vivía en Bueu, onde se conserva a súa casa moi preto do Instituto, no acceso ao Cemiterio.

Era alcalde da Vila cando se produce o estoupido da Guerra Civil en 1936. É detido



e, o mesmo que moitos outros, preso na Illa de San Simón. Foi fusilado o día 17 de abril de 1937.

A instancias da comunidade educativa do Centro e por iniciativa e acordo maioritario da sociedade de Bueu, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria concede en 1991 a denominación oficial de “Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional Johan Carballeira”.

O Centro nace con vocación de Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional (IESP Johan Carballeira), cunha oferta educativa en BUP, COU, FPI de Perrucaría e Administración, e de FP II de Administración, que totalizaba unha matrícula de 452 alumnas e alumnos no ano académico de 1991-92.

Posteriormente, e a fin de satisfacer a crecente demanda educativa e número de alumnado, sofre catro ampliacións importantes e dotación das correspondentes infraestruturas e servizos: unha primeira lindando coas pistas polideportivas exteriores, unha segunda ao fronte do edificio existente, na zona de administración, unha terceira ocupando unhas das pistas polideportivas coas instalacións para a rama de Fabricación Mecánica e a cuarta para acoller o taller de FP Básica.


## 2.1. CONTEXTO XEOGRÁFICO E SOCIOECONÓMICO

O IES Johan Carballeira está situado na vila de Bueu, capital do concello do mesmo nome, na provincia de Pontevedra.

Bueu constitúese como concello en 1821, e concédeselle en 1856 o título de Vila.



### 2.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA



O territorio de Bueu está formado por unha parte continental e outra insular (Ons e Onza). A parte continental atópase situada na beira Norte da Península do Morrazo, provincia de Pontevedra. Limita ao Este con Marín, ao Sureste con Moaña e ao Sur con Cangas. Dista 19 quilómetros de Pontevedra e 35 de Vigo.

Bueu ten unha superficie aproximada de 30 km<sup>2</sup>, distribuídos en catro (4) parroquias: Beluso, Bueu, Cela e Ermelo.

## LUGARES

A Achadiza, A Cabreira, A Canceliña, A Carrasqueira, A Cividá, A Costa de Figueirón, A Costiña, A Fonte Alta, A Graña, A Illa de Ons (S. Xoaquín), A Pena, A Portela, A Praia de Beluso, A Ramorta, A Roza, A Rúa Nova de Abaixo, A Rúa Nova de Arriba, A Torre, Agrelo, Antepazo, As Castiñáns, As Meáns, Beluso (Santa María P.), Bon de Abaixo, Bon de Arriba, Bueu, Bueu (S. Martiño Fóra P.), Bueu (San Martín P.), Castrelo, Cela (Santa María P.), Chan de Piñeiro, Ermelo, Ermelo (Santiago A.), Gándara, Igrexario, Loureiro, Meiro, Montemogos, Murráns, O Beloso, O Burgo, O Cabalo, O Enleito, O Norte, O Outeiro, O Río, O Souto, O Valado, O Viso, Ons, Paradela, Pitís, Pousada, Sabarigo, San Amedio, Sar, Soutelo, Trasouto, Vilar, Xexide...



### 2.1.2. ECONOMÍA

A economía de Bueu mira fundamentalmente ao mar, que intenta compaxinar cunha discreta actividade agropecuaria, turismo de temporada e outras actividades de administración e servizos en xeral.

A pesca artesanal, o marisqueo a flote e os cultivos mariños en batea integran as principais actividades.

Ten un peso específico importante tamén o sector mexiloeiro con instalacións en bateas. E as conserveiras, aínda que baixaron considerablemente, manteñen a súa actividade



no Parque Industrial de Castiñeiras e no seu contorno.

As actividades relacionadas co mar coexisten coa actividade agrícola (policultivo e minifundismo), coa gandería e a explotación forestal, sobre todo cando aumenta a altitude e ao alonxarse da costa. As actividades pesqueiras solápanse, á vez, coa industria e os servizos. É frecuente a agricultura a tempo parcial.

Nas distintas Parroquias que conforman o concello, aséntanse diversas empresas ligadas ao sector do automóbil, ao sector madeireiro, da construción, algunha granxa gandeira, instalacións vitivinícolas e outros, que dan ocupación a unha parte da poboación activa.

No Parque Industrial de Castiñeiras, actualmente en fase de ampliación, aséntanse diversas unidades produtivas, en constante crecemento tanto en número de empresas como en volume de negocio. Isto fai que haxa un considerable incremento no volume de negocio de actividades en xeral e, loxicamente, unha crecente demanda de postos de traballo cualificados.

### **2.1.3. POBOACIÓN**

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, o censo de Bueu de xaneiro de 2019 era de 12.009 habitantes, dos cales 5.924 son homes e 6.085 mulleres.

A poboación absoluta experimenta un constante incremento dende principios de século (no 1900 o censo reflectía 7.233 habitantes), tendencia que se mantén na actualidade.

O conxunto da Comarca do Morrazo é a segunda con maior índice de xente nova en toda Galicia, cun 24,4% de persoas con menos de 20 anos de idade sobre o total da poboación, segundo os datos que recolle o Instituto Galego de Estatística; situándose a media galega nun 20,4% e a provincial nun 22,7%.

O concello con maior taxa de nenos e nenas e adolescentes na comarca é Bueu, xa que o 25% dos seus habitantes ten menos de 20 anos; fronte ao 23,6% de Cangas e o 23,7% de Moaña. En cifras absolutas, Cangas tería 5.483 xoves con menos de 20 anos, Moaña 4.188 e Bueu 3.121.





## 2.1.4. SITUACIÓN SOCIOCULTURAL

A vila de Bueu acolle tres (3) centros de Primaria, un (1) centro da ESO, un (1) concertado con primaria e secundaria e un de ESO, Postobrigatoria e adultos, que escolarizan á totalidade da poboación en idade escolar. Unha pequena porcentaxe cursa os distintos niveis educativos fóra de Bueu.

CEIP A Pedra (Bueu).

Virxe Milagrosa (concertado, Bueu).

CEIP Montemogos (Beluso).

CEIP Torre-Cela (Cela).

ESO, Illa de Ons (Bueu).

IES Johan Carballeira (Bueu).

Conta con tres (3) centros culturais e de ocio, distribuídos nas parroquias de Beluso, Bueu e Cela, que albergan as respectivas bibliotecas e o arquivo histórico do concello (en Cela). Ademais do Centro Social do Mar situado na zona portuaria e de utilización múltiple.

Existen varias asociacións que veñen desenvolvendo numerosas actividades culturais e deportivas, nas que se implica, como é natural, unha parte importante do alumnado do instituto.

Festas tradicionais:

A festa do Millo corvo na parroquia de Meiro a finais de marzo. A asociación cultural de Meiro leva anos traballando na recuperación desta variedade de millo corvo (negro) cunha proxección neste momento a nivel internacional.

A festa do Corpus Christi celébrase o domingo seguinte ao día do Corpus. As rúas decóranse con alfombras florais confeccionadas pola Asociación Cultural Alfombras de Bueu para o paso da procesion e na que participant moito do noso alumnado e das súas familias.

O 16 de xullo celébrase o día da Virxe do Carme, un dos dous días festivos do municipio. A patroa dos mariñeiros e mariñeiras sacábase en procesión polo mar e todos os



barcos do Concello se engalanaban para a ocasión. Hoxe en día non se fai esta procesión por problemas cos seguros das embarcacións.

O sete de agosto celébrase a tradicional romaría de San Amedio, de orixe medieval. O derradeiro domingo de agosto é a festa dos mozos e mozas en Cela, evento no que destaca a degustación do viño Tinta Femia, variedade propia da zona.

No mes de agosto ten lugar a festa gastronómica do Polbo, con degustacións deste produto típico de Bueu e o Encontro de embarcacións tradicionais.

O 11 de novembro celébrase San Martiño (“trompos ao camiño”), a outra das festividades locais do Concello.

## 2.1.5. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

Como no xeral de Galicia, atopamos en Bueu o fenómeno da perda de transmisión interxeracional, pois se ben os pais teñen o galego como lingua habitual, en moitos casos xa non llela trasmiten aos fillos e fillas. Atopamos tamén outro dato a destacar; o galego é en moitos casos lingua paterna, mentres que a lingua materna é o castelán.

Podemos sinalar os tres factores causantes da situación actual de desprestixio e pouca utilización da lingua: a falta de transmisión interxeracional nas familias, o baixo prestixio que o galego ten como vehículo de comunicación, tanto entre as familias como entre os membros da comunidade educativa; e a falta de competencia nas catro habilidades básicas da lingua, especialmente acentuada na lingua oral nas xeracións máis novas e na escrita nas máis vellas.

No que respecta aos usos lingüísticos no centro, a documentación escrita é sempre en galego, tanto nas relacións exteriores como nas interiores, mesmo en casos en que o profesorado non utiliza esta lingua de forma habitual de xeito oral.

Como lingua vehicular, o galego é a lingua exclusiva do actual Equipo Directivo do centro, mentres que unha importante parte do profesorado na súa relación coas familias e alumnado alterna o uso de galego e castelán.

No que respecta ao persoal non docente, as administrativas usan o galego e o castelán en función da lingua utilizada pola persoa interlocutora; dous dos tres conserxes utilizan en exclusiva o galego e a terceira alterna o galego e o castelán. Na cafetaría, toda a rotulación está en galego e alternan galego e castelán na atención ao público.



A lingua utilizada nas comunicación orais e escritas da ANPA é tamén o galego, aínda que algún dos seus representantes o alterne no uso oral co castelán.

A análise sociolingüística mostra datos preocupantes: a maioría do alumnado de ESO procede da zona urbana do municipio, na meirande parte persoas que posúen o castelán como lingua de aprendizaxe natural; pola contra, no ensino postobrigatorio (Bacharelato e Ciclos Formativos) e na ESA, recibimos alumnado de procedencias varias de dentro e fóra do concello. Neste grupo observamos unha maior presenza do galego, polo menos como lingua ambiental no seo familiar. Así e todo, detéctase unha diminución paulatina de galego-falantes entre o alumnado. Non se observa evolución ou incremento no emprego do galego oral nos últimos anos, senón máis ben todo o contrario.

Debemos sinalar a presenza de alumnado inmigrante, pois tamén haberá que ter en conta este sector para que acepten o uso do idioma como algo natural dentro do centro e o vaian incorporando pouco a pouco aos usos propios, cando menos dentro da aula. Neste curso contamos con alumnado inmigrante procedente de diferentes países de Sudamérica e Marrocos.

En canto ao profesorado, poucos viven na mesma vila de Bueu, atopamos un número considerable que reside noutros concellos do Morrazo (Marín, Moaña e Cangas) e nas cidades próximas de Pontevedra e Vigo, polo que as situacións lingüísticas son diferentes en cada caso. Podemos, con todo, establecer unha tripla división:

- Profesorado que ten o galego como lingua habitual en todos os seus usos no centro.
- Profesorado que alterna o uso de galego e castelán, con casos en que se usa o galego como lingua vehicular nas clases e o castelán fóra delas.
- Profesorado que usa en exclusiva o castelán, de xeito oral, pois, como xa sinalamos, o galego é a lingua habitual da documentación escrita.

## **2.2. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS**

Este proxecto está pensado para o IES Johan Carballeira, un centro educativo complexo debido tanto ás diferentes idades do noso alumnado (dos 12 anos ata adultos), como á variedade da nosa oferta educativa ( ESO, Bacharelato, Ciclos formativos de grao medio e superior, FP Básica, ESA e Bacharelato de adultos). O reto ao que nos enfrentamos é ofrecer unha educación de calidade e en condicións de equidade e igualdade de oportunidades a todo



o alumnado, buscando para isto a participación e o consenso de toda a comunidade educativa: profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e ANPA.

Os obxectivos básicos deste proxecto educativo son:

- Desenvolver as capacidades intelectuais do alumnado a través da transmisión de coñecementos e traballando as competencias básicas necesarias na sociedade actual, para así formar homes e mulleres con pensamento crítico.

- Desenvolver de xeito pleno a personalidade, fomentando no alumnado o respecto polos dereitos e liberdades fundamentais, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a variedade de relacións afectivo-sexuais existentes na sociedade actual e o rexeitamento das desigualdades e de todo comportamento violento.

- Transmitir valores que favorezan a cultura do esforzo e a responsabilidade como principios fundamentais para alcanzar os obxectivos persoais.

- Dar a coñecer a propia identidade para, a partir dela, chegar ao recoñecemento e á valoración da diversidade lingüística e cultural.

- Fomentar o respecto e a tolerancia seguindo os principios democráticos polos que debe rexerse toda convivencia e promovendo valores de solidariedade e resolución pacífica de conflitos.

- Fomentar e valorar o exercicio físico, a alimentación saudable e os hábitos de consumo responsable nos que estean presentes o respecto por un mundo mellor e máis sostible.

- Educar en valores para exercer como cidadáns e cidadás críticos, participativos e democráticos.

- Fomentar un clima de convivencia agradable e democrático onde todos os membros da comunidade se sintan valorados e traten de aportar o mellor de si mesmos aos demais.

- Promover a xestión democrática do centro, abrindo este a todos os membros que forman parte da comunidade educativa e facéndooos partícipes e corresponsables do proceso educativo, para alcanzar unha educación de calidade.

- Crear un bo clima de traballo e colaboración, no cal todos e todas poidamos expoñer problemas, buscar solucións, debater propostas, chegar a acordos e resolver os conflitos que poidan ir xurdindo.

- Abrir o Centro á participación e colaboración das familias, base fundamental no proceso educativo do noso alumnado.



- Tratar de coñecer a problemática do alumnado dentro e fóra das aulas, para así implicalos na súa propia formación e axudalos a aprender a resolver os problemas de xeito pacífico e construtivo.

- Valorar o traballo e esforzo de todos o membros do claustro, do alumnado, do persoal de secretaría, conserxería, limpeza, ANPA e consello escolar para o bo funcionamento do centro.

### **2.2.1. OBXECTIVOS DE CARÁCTER PEDAGÓXICO**

Tendo en conta o marco legal no que se basea o sistema educativo, os principais principios pedagóxicos nos que nos basearemos son os seguintes:

- Defensa da educación e a formación para a igualdade de oportunidades, tratando de levar a cabo todas as medidas de atención á diversidade que o departamento de orientación, xunto co profesorado, considere oportunas.

- Promoción de medidas encamiñadas a conseguir unha educación para a igualdade entre homes e mulleres.

- Apoio a todas as propostas do profesorado encamiñadas a conseguir unha participación do alumnado máis activa no seu proceso de aprendizaxe.

- Apoio total e absoluto ao importante traballo de titoras e titores, principais lazos de unión entre o centro e as familias, aportando todos os medios necesarios.

- Apertura do centro ao mundo exterior. Estableceremos relacións de colaboración co Concello; co mundo laboral; saídas a outros países a fin de aumentar o coñecemento do seu idioma e cultura; intercambios con outros centros que enriquezan ao alumnado; participación en proxectos europeos.

- Realización no centro de todo tipo de actividades formativas que o profesorado demande, así como información e fomento da participación en todo tipo de actividades destinadas á mellora da labor docente.

- Aproveitamento de todos os recursos humanos e materiais do centro e búsqueda de novos recursos a fin de facer un centro moderno e dinámico no cal o alumnado se prepare para enfrentarse aos retos da sociedade actual.

- Fomento do servizo de biblioteca. A coordinadora e o equipo de biblioteca



intentaremos que teñan no seu horario algunha hora, a fin de dinamizar o plan lector e as actividades que desenvolvan de cara ao alumnado e a toda a comunidade educativa.

- Apoio ao Equipo de Normalización Lingüística, encargado de coordinar a elaboración do plan lingüístico do centro, o cal, unha vez aprobado, velaremos polo seu cumprimento.

- Atención especial á integración do alumnado estranxeiro, facendo, de ser necesario, un periodo de inmersión lingüística e medidas de atención á diversidade. Fomento da interculturalidade.

- Promoción e apoio ao ensino de adultos como unha oferta moi importante para todo aquel alumnado que abandonou os seus estudos e que agora quere retomalos; o mesmo que de cara a todas aquelas persoas que por diversos motivos non puderon rematalos. A oferta debe ser o máis flexible posible a fin de que poidan conciliar a súa vida laboral, e mesmo familiar, coa académica.

- Creación de mecanismos para avaliar e dar contas. Debe ser un proceso transparente no que se dea información pública de todas as xestións que se realicen e dos procesos que estean en marcha, para así valorar os resultados e darlle solución aos problemas que se plantexen.

## **2.2.2. OBXECTIVOS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

A organización do Centro debe ter en conta as seguintes cuestións:

- Facer o centro atractivo; para iso as súas instalacións deben estar coidadas e co mantemento necesario para conseguir as mellores condicións de salubridade, hixiene e accesibilidade.

- Procurar facer un consumo enerxético responsable no que participe toda a comunidade educativa.

- Tratar de facer un centro menos ruidoso.

- Seguir mellorando a biblioteca para que se convirta nun lugar agradable para o estudo e o disfrute da lectura.

- Promover iniciativas que leven á prevención dos riscos laborais, destinadas especialmente ao ensino nos talleres dos distintos ciclos.



- Poñer todos os medios para que a cafetería do centro sexa un lugar no que se promovan hábitos alimenticios saudables e dea un bo servizo a toda a comunidade educativa.
- Manter o convenio co Concello para a utilización do Pavillón municipal nas clases de Educación Física.
- Manter as zonas verdes que rodean o centro e nas que hai unha variedade ampla de especies.
- Implicar a toda a comunidade educativa no bo funcionamento do centro en cuestións de orde, limpeza e bo uso das instalacións.

### **2.2.3. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS**

A plasmación real dos obxectivos xerais sinalados con anterioridade necesita do establecemento dunha serie de liñas de actuación.

- Un dos principais proxectos é dignificar e valorar o traballo do profesorado, apoiándoo e poñendo todos os medios posibles ao seu alcance para facilitarlle o labor.
- Especial importancia ten a Comisión de Coordinación Pedagóxica, órgano no que están representados todos os departamentos e que serve como foro para debater todas as cuestións que lles afecten.
- Haberá unha colaboración directa co Departamento de Orientación dado o seu papel destacado en detectar e axudar a solucionar todo tipo de problemas e conflitos.
- É fundamental o traballo de titores e titoras e a dirección apoiará en todo momento o seu labor.
- A comezo de curso acolleremos ao alumnado nunha reunión para explicarlle as liñas básicas de actuación do centro e dicirlles que eles son unha parte fundamental del.
- Traballarase ao longo do curso co Departamento de Orientación e cos titores e titoras para transmitirle ao alumnado valores de responsabilidade, respecto e solidariedade.
- Todas as medidas correctivas de cara ao alumnado estarán sempre encamiñadas a recuperalos para o sistema.
- A principio de curso incidirase nos distintos grupos a través dos titores e titoras en



que escollan de xeito responsable e democrático aos seus representantes, tanto aos delegados/as de clase como aos da Xunta de delegados e o Consello Escolar.

-Concienciarase ao alumnado da importancia de escoller un delegado/a responsable e da súa representatividade.

- Dinamizarase a Xunta de Delegados e traballarase co alumnado para que sexan conscientes da importancia que ten a súa implicación na toma de decisións e no bo funcionamento do centro.

-Favorecerase o asociacionismo do alumnado e todas aquelas actividades formativas e de lecer que axuden a estar en grupo: xadrez, teatro, club de lectura, pinpon, etc.

- Habilitaranse espazos para as horas de lecer onde o alumnado poida desenvolver a súa creatividade.

- Manterase un contacto frecuente coa directiva da ANPA para coñecer todas as inquedanzas e preocupacións de pais e nais e axudar a solucionarlas. Participarase en cantas reunións se soliciten e pedirase a súa colaboración en todo tipo de actividades que se realicen no centro.

- Recibirase a principios de curso a todos os pais e nais do noso alumnado para explicarlle as liñas de actuación e os valores que queremos transmitir aos seus fillos e fillas, escoitar as súas demandas e facelos partícipes do noso proxecto.

- Presentarase os titores e titoras ás familias e apoiaranse todas as medidas que propoñan xunto co Departamento de Orientación para implicalas no ensino dos seus fillos e fillas.

- Tratarase de fomentar a participación das familias nas actividades organizadas polo centro e que visiten e usen a biblioteca, participando tamén no club de lectura.

- Valorarase o importante traballo do persoal de secretaría e conserxería. Escoitaranse as súas suxerencias e problemas a fin de facilitarlles o traballo.

- Colaborarase co persoal de limpeza para detectar todos aqueles comportamentos inapropiados do alumnado que redunden nun maior esforzo deste persoal e tratarase de darlles solucións.

- Avaliaranse todos os proxectos que estean en vigor, estudaranse e proponense melloras.

- Fomentarase a creación de grupos de traballo e seminarios permanentes para o





profesorado destinados a realizar a revisión dos proxectos existentes e a elaborar outros novos.

- Desenvolverase, difundirase a toda a comunidade educativa e farase un seguimento ao longo do curso do Plan de Convivencia. Seguiremos cos equipos de mediación para axudar a resolver os conflitos, intentado crear un clima de respecto asentado nunha educación en valores.

## **2.3. ESTRUTURA ORGANIZATIVA**

### **2.3.1. INFRAESTRUCTURA DO CENTRO E RECURSOS MATERIAIS**

O IES Johan Carballeira ten na actualidade as seguintes características: Aulas: 24, cunha superficie media de 55 m<sup>2</sup>.

Aulas de Tecnoloxía: 3; ESO, Perrucaría e Soldadura.

Laboratorios: 5; Ciencias Naturais, Química, Física, Soldadura e Idiomas, de 55 m<sup>2</sup>.

Talleres:

- Música: 1, superficie de 45 m<sup>2</sup>.
- Audiovisuais: 2, unha de 55 m<sup>2</sup> de superficie e outra de 40 m<sup>2</sup>.
- Artes Plásticas: 2, unha de Debuxo de 90 m<sup>2</sup> de superficie e outra de Plástica de 60 m<sup>2</sup>.
- Informática: 2; 1 ESO, 1 Ciclos formativos de Administración, de 55 m<sup>2</sup>.
- Perruquería: 1, superficie estimada de 70 m<sup>2</sup>.
- Estética: 1, superficie estimada de 90 m<sup>2</sup>.
- Soldadura: 1, superficie útil estimada de 300 m<sup>2</sup>.
- Construcións metálicas: 1, superficie útil estimada de 312 m<sup>2</sup>.
- FP Básica.
- Apoio: 1, superficie estimada de 25 m<sup>2</sup>.
- Biblioteca: 1, superficie estimada de 154 m<sup>2</sup>.
- Ximnasio cuberto: 1 superficie estimada de 157 m<sup>2</sup>.
- Pista polideportiva exterior: 1.
- Departamento de Orientación: 1, de aproximadamente 25 m<sup>2</sup>.
- Departamentos didácticos: 15, superficie media de 12 m<sup>2</sup>.
- Salón de actos: 1, cunha superficie estimada de 260 m<sup>2</sup>.



- Sala de profesores e profesoras: 1, duns 68 m<sup>2</sup>.
- Local de Titorías: 1, de 8 m<sup>2</sup>.

Administración:

Despachos, 3 cunha superficie media de 12 m<sup>2</sup>.

Secretaría, 1 con unha superficie estimada de 40 m<sup>2</sup>.

Conserxería, 1, superficie estimada de 12 m<sup>2</sup>.

Local de cafetería, 1, para servizo do persoal do centro.

Como é natural existen as correspondentes dependencias con baños, así como as duchas e vestiario no caso do ximnasio.

Pequenos almacéns, para mobiliario e utillaxe.

Todas estas dependencias están dotadas coas instalacións e servizos que lle son propios e, as interiores, inclúen punto de conexión a Internet.

Conta cun perímetro exterior arborado con distintas especies, engade unha pequena zona verde, e carece case que por completo de aparcamento propio e áreas exteriores cubertas de esparcemento en horas de lecer.

### **2.3.2. OFERTA EDUCATIVA ACTUAL**

O centro ten a seguinte oferta educativa:

Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)

Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais.

Nocturno: Ofrecendo Educación Secundaria de Adultos (ESA), Bacharelato nas modalidades antes sinaladas.

Ciclos formativos:

- Ciclo medio de Xestión Administrativa.



- Ciclo superior de Administración e finanzas.
- Ciclo medio de Perrucaría.
- Ciclo medio de Estética.
- Ciclo medio de Soldadura e Caldeiraría.
- Ciclo superior de Construcións metálicas.
- FPB de Peiteado e estética.
- FPB de actividades marítimo-pesqueiras.
- FPB de Fabricación e montaxe.

### **2.3.3. ÓRGANOS DE GOBERNO**

Os órganos de funcionamento do Centro, o seu nomeamento e as súas funcións, veñen determinados por lei.

#### -Órganos unipersoais.

- Directora: M<sup>a</sup> Asunción Sóñora Abuín.
- Vicedirector: Noelia Lamosa Torres.
- Xefa de Estudos diurno: Leonor Gala Torres Sabín.
- Xefa de Estudos nocturno: M<sup>a</sup> Goretti González Muñoz.
- Secretaria: Xoán García Santos.

#### -Órganos colexiados.

- Consello Escolar.
- Claustro de profesores e profesoras.

### **2.3.4. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO**

O Claustro está formado por un total de setenta e sete (77) profesoras e profesores que imparten clase aos distintos niveis educativos, que conforman os vinte e tres (23) Departamentos Didácticos existentes xunto co Departamento de Orientación.



Unha parte pequena reside no propio concello de Bueu, e a maioría vén dos das distintas poboacións do contorno.

O profesorado con destino definitivo representa o 83 %,

O profesorado sen destino definitivo representa o 17%.

As xefas e xefes dos distintos departamentos, a responsable da normalización lingüística do Centro e o coordinador da FCT, xunto coa directora do centro e as xefaturas de estudo de diurno e nocturno, forman a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O profesorado que dá clase a un grupo, xunto co Orientador (e nos grupos da ESO a profesora de Pedagogía Terapéutico) forman a Xunta de avaliación. Esta é a encargada de tomar decisións sobre a promoción e titulación do alumnado, e decidir todo tipo de medidas relacionadas coa súa actividade educativa.

Un conxunto de profesorado de diferentes departamentos con dispoñibilidade horaria forman o Equipo de biblioteca. Dito equipo está coordinado pola responsable da biblioteca e trata de levar a cabo o proxecto elaborado para esta.

Todo os cursos académicos o profesorado que o desexe poderá constituír grupos de traballo ou participar en seminarios permanentes, a fin de mellorar a súa práctica docente.

### **2.3.5. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO**

#### XUNTA DE DELEGADAS E DELEGADOS

Está constituída, segundo o recollido no D324/1996, con data 16 de xaneiro de 2009 e formada por trinta e cinco (35) delegadas e delegados dos distintos niveis educativos.

#### ASOCIACIÓN DE ALUMNAS E ALUMNOS

O Centro, a día de hoxe, non ten ningunha asociación constituída de alumnas e alumnos.

### **2.3.6. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE**



Secretaría: 2 persoas con destino definitivo. Conserxería: 3 persoas (incluído nocturno).

Limpeza: 4 persoas (1 a media xornada).

### **2.3.7. ANPA**

Actualmente existe no Instituto unha asociación de pais e nais de alumnos e alumnas, que se inscribe coa denominación de ANPA "San Martiño".

### **2.3.8. COMISIÓNS MIXTAS**

- Comisión económica.
- Comisión de biblioteca.
- Observatorio da convivencia escolar.
- Equipo de normalización e dinamización lingüística.

### **2.3.8. RELACIÓN DO CENTRO CON OUTRAS INSTITUCIÓNS**

O Centro colabora con outras institucións, pertencentes a maioría ao Concello de Bueu

- Colaboración co Concello no Plan de absentismo escolar.
- Actividades desenvolvidas a través da Vicedirección en colaboración co CIM (Centro de Información á muller) de Bueu e coa Concellalía de Cultura.
- Actividades en colaboración coa Confraría de Bueu.
- Actividades desenvolvidas en colaboración coa Escola Náutica coa que compartimos o FPB de actividades marítimo-pesqueiras.
- Actividades propostas polo Departamento de Orientación en colaboración cos Equipos de Orientación dos outros centros de primaria e de secundaria e cos Servizos Sociais do Concello.
- Colaboración cos centros adscritos nas actividades prestando o salón de actos para os festivais de primaria do colexio A Pedra e pondo o material de que dispomos á súa disposición.
- Feira da Literatura e a Ciencia.



- Colaboración co Concello en todo tipo de actividades.
- Colaboración coa ANPA na organización de actividades.
- Colaboración coas empresas que acollen ao alumnado en prácticas a través do coordinador da FCT.
- Colaboración e participación en intercambios culturais con outras Institucións.
- Participación en Programas Europeos: IES Johan Carballreira procura buscar asociacións multilaterais con centros da UE que permitan intercambiar experiencias, aprender linguas estranxeiras e coñecer outros sistemas educativos. A través da Carta Erasmus +, permítenos participar na realización de prácticas en empresas da UE

### **3. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.**

#### **3.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA AO CONTEXTO DO CENTRO**

Conforme ao *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria*, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os obxectivos detallados a continuación; varios destes obxectivos ampliáanse cunha breve reflexión sobre a súa adecuación ao noso centro.

*a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*

*b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*

*c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra*



*condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

*d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*

Adecuación destes catro primeiros obxectivos ao contexto do centro:

O Centro educativo confía na súa capacidade para cooperar cas familias e outros medios e institucións, na consecución dunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e democrática, partindo da educación do alumnado mediante accións como:

-Fomentar o diálogo e o respecto polas ideas dos demais, mediante debates na aula, traballando en equipo...

-Manter e mellorar a apertura do centro ao contorno, con actividades culturais e lúdicas en colaboración con outras institucións, así como accións que permitan aos alumnos e alumnas coñecer a realidade social, económica e cultural do nosa zona.

-Fomentar a integración do alumnado inmigrante.

-Mellorar a integración de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

-Desenvolver iniciativas, tanto dentro da aula como fóra, para educar contra comportamentos sexistas: conferencias, películas, concursos de carteis, análise nas titorías..

-Incidir sobre os deberes e dereitos do alumnado e as regras do centro e a sociedade en xeral, (nas titorías, na propia aula...)

-Fomentar a tolerancia, respecto e o compromiso de todos os compoñentes da comunidade educativa, modificando actitudes agresivas e procurando a resolución pacífica de conflitos (aula de convivencia, equipo de mediación...) Dende todos os Departamentos se propiciarán actividades que favorezan a tolerancia e a convivencia.

-Promover no alumnado e nas familias, a conciencia de que son necesarios o esforzo, a disciplina e o traballo para a consecución dos obxectivos académicos, para a formación da personalidade e a madurez, para a independencia e a integración no mundo laboral.

-Revisar a linguaxe de toda a comunidade escolar para evitar caer en expresións sexistas e opinións relixiosas que podan ferir a sensibilidade das persoas.



*e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

-Fomentar o uso nas distintas áreas dos medios audiovisuais e informáticos, potenciando o uso das novas tecnoloxías, na aula propia, na aula de informática do Centro, e na Biblioteca do Centro. Dende o Centro se transmitirá ao alumnado a necesidade de acceder con sentido crítico e responsable, así como adquirir as destrezas para seleccionar a información con sentido común.

*f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.*

-Relacionar os proxectos a realizar en Tecnoloxía coas diversas tecnoloxías aplicadas na industria da comarca.

-Posibilitar as visitas a empresas tecnoloxicamente avanzadas para comprobar o desenvolvemento científico e tecnolóxico en tódalas áreas.

*g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*

-A partir das iniciativas e propostas do Departamento de Orientación e a través das tutorías e sesións lectivas, establecerase a metodoloxía e estratexias axeitadas para potenciar e mellorar aspectos tales, como a organización, investigación, o traballo en equipo e a resolución de problemas.

*h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*

-En toda actividade académica interveñen os procesos de comprensión e produción de mensaxes orais e escritos e o dominio destas destrezas asegura, en gran medida, un resultado positivo en calquera materia. Ditas capacidades son esenciais non só na área de Lingua e Literatura senón en calquera área do currículo da ESO. A aprendizaxe da lingua, será unha prioridade do conxunto do profesorado que traballa na etapa, polo tanto, os profesores asumirán o compromiso de comentar na aula as normas básicas de ortografía e redacción.

-Igualmente en toda a etapa fomentárase o hábito de lectura (Plan lector, Clube de





Lectura), como fonte de coñecemento da lingua e de enriquecemento cultural. Facilitarase o uso da Biblioteca do Centro como instrumento de información e documentación.

-En consecuencia se impulsarán estratexias interdisciplinares para mellorar a capacidade de comprender e expresarse do alumnado, mediante iniciativas promovidas dende todos os ámbitos e consensuadas polos departamentos.

*i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*

-O fomento da mobilidades Erasmus e do ensino de materias bilíngües no noso centro, mellora a capacidade de comunicarse nas linguas estranxeiras e abre a porta ao coñecemento e a relación con outras nacionalidades, culturas e formas de vida; a adquisición desta capacidade favorecerá tamén o interese, a comprensión, o respecto e a tolerancia dos nosos alumnos cara outras cultura.

*l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*

-Procurarase fomentar dende o Centro diversas iniciativas (intercambios, charlas e viaxes culturais) que permitan aos alumnos o contacto con outras culturas, cuxas linguas forman parte do currículo.

*m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*

-A saúde, o consumo e o medio ambiente están estreitamente relacionados. De aí que dende o noso Centro e en colaboración con outras entidades e asociacións da comarca (charlas, conferencias...) sexa necesario, promover entre o alumnado o consumo responsable, os hábitos saudables, afondando no coñecemento sobre as consecuencias negativas das drogas, a importancia para a saúde de seguir unha dieta equilibrada e concienciar sobre as repercusións negativas, dos malos hábitos alimenticios como anorexia, anemia, bulimia...

-Se concienciará da necesidade de aforro enerxético, levando á práctica, medidas sinxelas, como apagar a luz das aulas cando non sexa necesaria, pechar as ventás cando teñamos a calefacción acendida...



*n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

-Acercar ao alumnado ás manifestacións culturais e artísticas da nosa comarca, fomentando a súa valoración e respecto, (visitas culturais, realización de carteis, teatro...) Todos os Departamentos poñerán especial interese en que as actividades versen preferentemente sobre o entorno cercan ao alumno e teñan relación con temas transversais, como educación para o consumo, educación viaria, para a saúde..

*ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

-Se organizarán actividades encamiñadas a coñecer e apreciar os valores culturais da comarca, para coñecer as costumes e valores do noso contorno, (celebración do magosto, Entroido, día das letras galegas...)

*o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

-Fomentar actividades dende tódolos departamentos e polo Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG) para potenciar o uso do idioma galego.

### **3.2 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA) AO CONTEXTO DO CENTRO.**

Na educación secundaria de adultos percibimos dous grupos de alumnado:

1. Alumnado que procede cunha marxe mínima de tempo do sistema ordinario, non emancipado do contorno familiar, e que busca o título para acceder a un ciclo formativo.
2. Alumnado que retoma os estudos anos despois de telos abandonado e que deciden continualos para ter maiores posibilidades de éxito no mundo laboral ou simplemente mellorar o seu nivel cultural.



A Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia estipula, no artigo 4, que a educación básica para persoas adultas orientase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

a) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.

*Tentarase inculcar no alumnado sentimentos de autoestima para que desenvolva plenamente a súa personalidade e o faga no respecto aos principios democráticos de convivencia, dereitos e liberdades.*

b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.

*Promoverase a igualdade entre homes e mulleres, loitando contra toda forma de discriminación, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias, de xeito que aprendan a aceptar e apreciar aos seus compañeiros, independentemente da súa procedencia, idade ou nivel de estudos.*

c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.

*Desenvolver o sentido crítico do alumnado proporcionando métodos de análise da realidade e lograr unha integración e participación social activas.*

*Por outra banda, o alumnado da ESA é habitual que xa estea integrado no mercado laboral, de aí a importancia de que coñezan os seus dereitos e deberes como cidadáns e tamén como traballadores.*

d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.

*Que o alumnado desenvolva as súas capacidades valorativas para discriminar razoadamente entre as diferentes actitudes, valores e hábitos que se lle ofrecen como modelos no seu contorno social.*



e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

*Debido á diversidade do alumnado da ESA, dende todos os ámbitos fomentárase especialmente o traballo en grupo e as actividades que favorezan a integración e a relación cordial entre o alumnado mediante a realización de exposicións orais grupais, ou investigacións na biblioteca.*

f) Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

*Proporcionándolle hábitos, destrezas e técnicas de traballo que lle permitan ser autónomo nos seus procesos de aprendizaxe posteriores.*

g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.

*Fomentárase a importancia da lectura non só como medio de aprendizaxe senón como actividade fundamental para o lecer. Para iso, realizaranse lecturas expresivas nas clases e incentivarase a participación no club de lectura.*

*Por outro lado, incidirase na importancia dunha escrita coidada, fixándose na ortografía e tentando aumentar o seu vocabulario.*

*É fundamental incidir na importancia da expresión oral como medio para desenvolverse na vida cotiá e comunicarse cos semellantes. Para iso, realizaranse dende todos os ámbitos exposicións orais, debates...*

h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

*O alumnado deberá ser capaz de comunicarse mediante os códigos artísticos e científico-tecnolóxicos elementais, realizando traballos relacionados coas diferentes formas de expresión.*

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da



comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitida de maneira organizada e intelixible.

*O alumnado debe aprender a buscar e seleccionar a información en todos os medios a súa disposición: libros de texto, xornais, internet... Ademais deberán saber procesala criticamente e expoñela de xeito oral e escrito.*

j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

*Tratarase de contextualizar as actividades á contorna do alumnado de xeito que adquiran destrezas e habilidades para a resolución de problemas que poidan atoparse na súa vida cotiá.*

k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente a súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.

*Incentivaranse as actividades relacionadas co medio natural e a sensibilización cara aos problemas ecolóxicos, promovendo unha participación activa no respecto, coidado e defensa do medio ambiente.*

l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

*Deberán coñecer as principais innovacións tecnolóxicas e os grandes logros das correntes científico-técnicas adoptando unha postura valorativa sobre a súa aplicación e incidencia na sociedade actual.*

m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.

*Fomentaranse os elementos culturais autóctonos especialmente os da contorna, favorecendo o coñecemento do patrimonio artístico e cultural máis próximo. Así, realizaranse excursións e visitas educativas na propia localidade ou nas proximidades.*

n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.



*Facer visible e audible a lingua galega en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática. Incentivarase a participación nas distintas actividades organizadas polo Equipo de Normalización Lingüística.*

o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.

*Deberán desenvolver e afianzar hábitos de hixiene e coidado persoal e valorar a práctica das actividades físicas e deportivas para o desenvolvemento dunha vida sa.*

p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

*Desenvolver no alumnado as súas capacidades reflexivas para poder afrontar, de xeito razoado e crítico, a toma de decisións que se lle presenten no seu día a día.*

### **3.3. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS CICLOS FORMATIVOS DA FORMACIÓN BÁSICA DO CENTRO**

#### **3.3.1. FINALIDADE DA FORMACIÓN BÁSICA**

Os ciclos formativos de formación básica teñen como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación a mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. En concreto, teñen a finalidade de facilitarlle a este alumnado, unha formación básica e profesional que lle permita unha inserción laboral de calidade e a oportunidade de proseguir os seus estudos nas ensinanzas regradas. Ademais teñen unha marcada vocación profesional, permiten a relación co mercado de traballo e facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado.

ORDEN de 13 de julio de 2015 por la que se regulan las enseñanzas de formación profesional básica en la Comunidad Autónoma de Galicia.

#### **3.3.2. OBXECTIVOS DE ETAPA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

- Consiga competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 da estrutura do Catálogo nacional de cualificacións profesionais,



creado por medio da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

- Ter unha inserción socio laboral satisfactoria.
- Amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- Acceda directamente aos ciclos formativos de grao medio cando supere os módulos obrigatorios do programa.
- Obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cando supere todos os módulos do programa.

### **3.3.3. ESTRUCTURA DA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

Impartiranse en dous anos da seguinte maneira:

No primeiro curso impartiranse aqueles módulos que faciliten a adquisición de, polo menos, as competencias dunha Cualificación Profesional de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións.

No segundo curso, impartiranse os contidos necesarios para conseguir o título de graduado en ESO.

### **3.3.4. OFERTA DO CENTRO:**

- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA Pesca e transporte marítimo.
- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA Fabricación e montaxe.
- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA Peiteado e estética.



### **3.3.5. CONTEXTUALIZACIÓN DENTRO DO CENTRO.**

Como xa se apuntou máis arriba, o IES Johan Carballeira está situado na vila pontevedresa de Bueu na cal os principais sectores económicos do contorno son o sector primario (pesca, gandería), e o sector secundario (industria e construción). Aínda que cada día vai collendo mais forza o sector terciario (fundamentalmente hostalería).

Dentro da súa zona de influencia sitúanse tamén zoas vinculadas a estes sectores como: Marín, Cangas, ou Moaña., xustificando a existencia dos tres Ciclos formativos de Fabricación Básica.

Dentro do centro impártense os seguintes ciclos:

- Ciclo de grao medio de soldadura e calderería.
  
- Ciclo superior de construcións metálicas.
  
- Ciclo de grao medio de estética persoal e decorativa.
  
- Ciclo de grao medio de peiteado e estética capilar.

Polo que os alumnos da Formación Básica de peiteado e de fabricación e montaxe poderían continuar os seus estudos no centro dentro da mesma familia profesional.

## **3.4. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO AO CONTEXTO DO CENTRO**





O **marco legislativo** recolle os seguintes obxectivos para a etapa do bacharelato:

a) Exercer a cidadanía democrática dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores constitucionais e dos dereitos humanos, fomentando a corresponsabilidade na procura dunha sociedade xusta e equitativa, e participando de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita aos discentes actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico, e ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para un aproveitamento eficaz da aprendizaxe e do seu desenvolvemento persoal.

e) Dominar, nas expresións oral e escrita, as dúas linguas oficiais, recoñecendo e evitando mesturas e interferencias innecesarias entre ambas as dúas.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as T.I.C.s.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

i) Acceder aos coñecementos humanísticos, científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato escollida.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos analítico-sintéticos de raíz científica. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia, da tecnoloxía e dos estudos humanísticos no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria e o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento humanístico e cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e



social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

A toma de consciencia da diversidade de alumnos que cursan o bacharelato no **IES Johan Carballeira** de Bueu lévanos a facer unha **adaptación ad hoc** das distintas programacións didácticas e das actividades do centro, coa intención de acadar os referidos obxectivos da LOE.

E os departamentos didácticos do centro deben ter en conta varias consideracións á hora de elaborar as súas programacións.

- Trátase do único centro educativo do concello de Bueu onde se imparten as ensinanzas de bacharelato, o que implica diversas procedencias socio-económicas do alumnado. Algúns son de familias de baixo nivel educativo e/ou económico, o que se traduce en dificultades económicas para participar en algunhas actividades (principalmente extraescolares), ou en que non teñan medios informáticos e/ou conexión doméstica á rede dixital.
- As modalidades de bacharelato impártense tanto no réxime ordinario como no de adultos. Se no primeiro caso non nos atopamos con grandes diferenzas de idade, no segundo conviven alumnos que levan moitos anos sen estudar (carecen de hábitos de estudo, pero teñen unha experiencia vital máis rica), con outros moito máis novos. Isto pode requirir metodoloxías e actividades diferenciadas entre os dous rexímenes para lograr os obxectivos de etapa.
- Parte do alumnado que accede a este nivel educativo amosa problemas de expresión correcta e regrada nos niveis oral e escrito, principalmente na lingua galega e nas estranxeiras. Cómpre potenciar de forma significativa a consecución destes obxectivos.

A maiores, e sempre para que o alumno de bacharelato acade os obxectivos sinalados, o centro fará **fincapé en**:

**1)** Inculcar nos alumnos da etapa de bacharelato as ideas de eficiencia, estudo, parsimonia, coherencia, reflexión, analítica e capacidade de síntese como piares fundamentais duns estudos que xa son de carácter postobrigatorio, e sempre pensando na comprensión e na correcta asimilación dun -digamos- 'método lingüístico xenérico' que percorre todos os *curricula* de todas as materias programadas, comúns, de modalidade ou optativas ('linguas' matemática, científico-formular, estrutural, filolóxica, articulada, artística ou hermenéutica).

**2)** Potenciar a participación activa do alumno, sempre con respecto e acatando de xeito democrático as conclusións:



- na elección dos seus representantes no consello escolar e nas comisións creadas no seo do mesmo, así como na elección de delegado e subdelegado de clase.
- nos debates e actividades que establezan os docentes de acordo co previsto nas distintas programacións didácticas.
- nas charlas, conferencias, saídas educativas e actividades que se han celebrar ao longo do curso, organizadas polos distintos departamentos en colaboración co equipo directivo, e tendentes a fomentar a non discriminación por razóns de raza, sexo, orixe, relixión, ideoloxía política e capacidades, así como unha boa relación interpersoal.

Lembremos que o RRI do centro tipifica como faltas leves, graves ou moi graves diferentes condutas que, en maior ou menor grao, poidan ter a consideración de contrarias aos valores democráticos e de non discriminación que deben rexer o bo funcionamento do centro, e establece os procedementos e as sancións que recibirá quen as incumpra.

**3)** Manter contacto cos alumnos e coas súas familias no eido da resolución pacífica de conflitos (observatorio de convivencia, profesores e, en particular, titores de cada grupo).

**4)** Facilitarlle ao alumno o acceso e o uso responsable dos libros e dos recursos audiovisuais da biblioteca, así como a utilización de todos os medios e recursos didácticos dispoñibles, especialmente os informáticos, coa finalidade de non seren nunca motivos socio-económicos impedimento no logro dos obxectivos de etapa.

**5)** Organizar distintas actividades, por parte dos distintos departamentos en colaboración co equipo directivo do centro, que fomenten nos discentes:

- o hábito da lectura, a comprensión de textos, e habilidades de escritura nas linguas (cooficiais e estranxeiras). V.g.: participación dos alumnos nos foros dos blogs do centro (biblioteca, *enxebre*, a páxina web do centro), recitais poéticos, foros de lectura, programas de intercambio ou inmersión lingüística, e similares.
- a creatividade, o traballo en equipo, a iniciativa persoal, a sensibilidade artística e literaria, os hábitos saudabeis, e a utilización responsable das tecnoloxías (internet, enerxías limpas, aforro enerxético, etc.). V.g.: colaboracións no xornal do centro, en concursos, en actividades deportivas, no grupo de teatro, en formacións musicais, na páxina web e nos blogs, en saídas educativas, e similares.
- o uso responsable e funcional dos medios informáticos, das aulas de laboratorio (física, química, ciencias naturais, idiomas) e das demais instalacións coas que conta o centro, como posta en práctica e aprendizaxe significativa dos métodos de investigación e de experimentación científica, e como aplicación real do coñecemento e de enriquecemento do alumnado.



- a análise crítica das circunstancias que acaecen na nosa sociedade (causas, efectos e consecuencias), os valores democráticos, o respecto pola opinión e polos dereitos dos demais, a toma de conciencia ante o medio ambiente e ante os hábitos saudables e socialmente bos, como forma de mellora persoal e social. V.g.: colaboración con entidades externas (asociacións de axuda a inmigrantes, prevención e axuda a drogodependentes, cruzvermella, protección civil, etc.), para concluir en puntos de encontro de variado formato (charlas, coloquios, debates, conferencias) que incidan, sobre todo, na prevención de riscos propios da nosa época (drogas, tabaquismo, seguridade viaria, violencia de xénero).

### 3.5. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS CICLOS FORMATIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO

Os obxectivos xerais dos Ciclos formativos que se imparten no centro veñen recollidos nos correspondentes Decretos autonómicos que regulan os estudos de formación profesional.

En concreto, para cada un deles:

#### **Técnico en Estética e Beleza**

Decreto 203/2013 - Artigo 9. Obxectivos xerais

Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Identificar e clasificar produtos, materiais e utensilios, caracterizando as súas propiedades e as súas condicións idóneas de manipulación e conservación, para os recibir, os almacenar e os distribuír.
- b) Interpretar as normas deseñadas nos procedementos para atender a persoa usuaria, aplicando os procedementos descritos desde a hora do acollemento ata a despedida.
- c) Realizar a análise do órgano cutáneo, avaliando as súas características, para obter información estética.
- d) Identificar utensilios, equipamentos e cosméticos, e avaliar as súas características para seleccionar os idóneos á técnica ou ao tratamento aplicados.
- e) Hixienizar os materiais, os equipamentos e as instalacións limpándoos, desinfectándoos e esterilizándoos, para os manter en óptimas condicións.



f) Aplicar as técnicas adecuadas, seguindo os procedementos establecidos e as normas de calidade e seguridade e hixiene, para efectuar a limpeza da pel.

g) Aplicar as técnicas axeitadas, seguindo os procedementos establecidos e as normas de calidade e de seguridade e hixiene, en relación coas necesidades fisiolóxicas da pel para conseguir a súa hidratación.

h) Diseñar e executar técnicas de visaxismo, de aplicación de cosméticos decorativos e estilos de maquillaxe, tendo en conta a súa relación coas características persoais, sociais e profesionais da persoa usuaria, para realizar unha maquillaxe social personalizada.

i) Seleccionar procedementos mecánicos e químicos para depilar e descolorar a peluxe, elixindo e aplicando a técnica adecuada.

j) Efectuar operacións técnicas de manicura e pedicura, adaptando os procedementos de execución, para coidar e embelecer mans, pés e uñas.

k) Seleccionar e aplicar materiais e produtos de esculpido de próteses ungueais, seguindo instrucións técnicas, en condicións de seguridade e hixiene, para elaborar uñas artificiais.

l) Recoñecer as características e as propiedades dos fitocosméticos, xecosméticos, produtos mariños e aromamoléculas, tendo en conta a súa relación cos seus usos e as súas aplicacións, para asesorar sobre perfumes, fragancias e produtos naturais.

m) Analizar os tipos de tratamentos estéticos e os hábitos de vida saudables en relación coa anatomofisioloxía humana.

n) Identificar operacións de venda e técnicas publicitarias e de merchandising, valorando as características e as demandas do mercado, para promocionar e comercializar os produtos e os servizos estéticos.

ñ) Seleccionar os cosméticos adecuados atendendo ás necesidades da pel e ao tipo, á composición e á forma de presentación destes, para realizar e recomendar a súa aplicación.

o) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da comunicación e da información para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para adaptarse a diferentes situacións profesionais e laborais.



p) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.

q) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e contingencias que se presentan no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

r) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

s) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, en relación coas súas causas, para fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes co fin de evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

t) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.

u) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no sector produtivo de referencia durante o proceso de aprendizaxe.

v) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

w) Recoñecer os seus dereitos e os seus deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

x) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

### **Técnico en peiteado e cosmética capilar**

Decreto 231/2012 - Artigo 9. Obxectivos xerais

Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Clasificar os materiais de peiteado, identificando as súas propiedades e condicións idóneas de manipulación e conservación, para os recibir, os almacenar e os distribuír.



- b) Interpretar as normas establecidas, analizando as fases dos procesos de peiteado, desde o acollemento ata a despedida, para atender a persoa usuaria.
- c) Identificar as características e as necesidades do pelo e do coiro cabeludo, utilizando medios e técnicas de observación para comprobar o seu estado.
- d) Seleccionar medios, produtos e equipamentos, analizando as súas características, para preparar e pór a punto o posto de traballo.
- e) Hixienizar as instalacións e os equipamentos, xustificando os métodos de limpeza e desinfección, para preparar e pór a punto o posto de traballo e as instalacións.
- f) Aplicar operacións técnicas de alisamento e rizamento, recoñecendo e seleccionando os utensilios e os cosméticos, para realizar cambios de forma permanente no cabelo.
- g) Aplicar técnicas de cambio de cor, seguindo o procedemento establecido para tinguir e descolorar o talo capilar.
- h) Empregar ferramentas e utensilios de corte, tendo en conta a relación entre as técnicas e os estilos, para cambiar a lonxitude do cabelo.
- i) Manexar equipamentos, utensilios e accesorios, tendo en conta a relación entre as técnicas e os estilos e os actos sociais, para efectuar peiteados e recollidos.
- j) Seleccionar próteses pilosas e xustificar técnicas de colocación, para efectuar peiteados e recollidos.
- k) Efectuar operacións técnicas de manicura e pedicura, e xustificar os protocolos de execución, para embelecer e coidar mans, pés e uñas.
- l) Integrar os procedementos do servizo de peiteado masculino, analizando e relacionando os tipos, as fases e os métodos, para realizar técnicas de barbaría e peiteado masculino.
- m) Aplicar estratexias de asesoramento, analizando os factores que melloran o resultado final, para informar sobre coidados, cosméticos e hábitos saudables.
- n) Elixir os cosméticos adecuados de acordo coas necesidades da pel, para informar sobre coidados, cosméticos e hábitos saudables.
- ñ) Identificar operacións de venda e técnicas publicitarias e de merchandising, valorando as características e as demandas do mercado, para promover e vender produtos e servizos de imaxe persoal.



o) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diferentes situacións profesionais e laborais.

p) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.

q) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

r) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

s) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, relacionándoos coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos nun mesmo, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

t) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.

u) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.

v) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

w) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

#### **Técnico en xestión administrativa**

Decreto 191/2010 - Artigo 9. Obxectivos xerais





Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Analizar o fluxo de información, así como a tipoloxía e a finalidade dos documentos e das comunicacións que se utilizan na empresa, para a súa tramitación.
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- c) Identificar e seleccionar as expresións en lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación coa eficacia do seu emprego no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.
- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicacións e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e a metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- i) Comparar e avaliar os elementos que interveñen na xestión da tesouraría, os produtos e os servizos financeiros básicos, e os documentos relacionados con eles, comprobando as necesidades de liquidez e de financiamento da empresa para realizar as xestións administrativas relacionadas.
- j) Efectuar cálculos básicos de produtos e servizos financeiros, empregando principios de matemática financeira elemental, para realizar as xestións administrativas de tesouraría.
- k) Recoñecer a normativa legal aplicable, as técnicas de xestión asociadas e as funcións do Departamento de Recursos Humanos, e analizar a problemática laboral que poida darse nunha empresa e a documentación relacionada para realizar a xestión administrativa dos recursos humanos.



l) Identificar e preparar a documentación relevante e as actuacións que cumpra desenvolver, interpretando a política da empresa, para efectuar as xestións administrativas das áreas de selección e formación dos recursos humanos.

m) Formalizar documentación e preparar informes, consultando a normativa e as vías de acceso á Administración pública (internet, oficinas de atención ao público, etc.) e empregando, de ser o caso, aplicacións informáticas específicas, para prestar apoio administrativo na área de xestión laboral da empresa.

n) Seleccionar datos e formalizar documentos derivados da área comercial, interpretando normas mercantís e fiscais, para realizar as xestións administrativas correspondentes.

o) Transmitir comunicacións de xeito oral, telemático ou escrito, adecuadas a cada caso e analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades de atención á clientela ou ás persoas usuarias.

p) Identificar as normas de calidade e de seguridade, así como as de prevención de riscos laborais e ambientais, e recoñecer os factores de risco e os parámetros de calidade, para aplicar os protocolos correspondentes no desenvolvemento do traballo.

q) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.

r) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

s) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.

t) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do seu traballo.

u) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

v) Recoñecer e identificar as posibilidades de negocio, analizando o mercado e estudando a viabilidade empresarial para a xeración do seu propio emprego.

w) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.



Decreto 206/2012 - Artigo 9. Obxectivos xerais

Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Analizar e confeccionar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, identificando a súa tipoloxía e a súa finalidade, para os xestionar.
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa recoñecendo a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para os elaborar.
- c) Identificar e seleccionar as expresións de lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación co seu emprego máis eficaz no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Analizar a información dispoñible para detectar necesidades relacionadas coa xestión empresarial.
- f) Organizar as tarefas administrativas das áreas funcionais da empresa para propor liñas de actuación e mellora.
- g) Identificar as técnicas e os parámetros que determinan as empresas, para clasificar, rexistrar e archivar comunicacións e documentos.
- h) Recoñecer a relación entre as áreas comercial, financeira, contable e fiscal, para xestionar os procesos de xestión empresarial de forma integrada.
- i) Interpretar a normativa e a metodoloxía aplicables para realizar a xestión contable e fiscal.
- j) Elaborar informes sobre os parámetros de viabilidade dunha empresa, recoñecer os produtos financeiros e os seus provedores, e analizar os métodos de cálculo financeiros, para supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento.
- k) Preparar a documentación e as actuacións que se deben desenvolver, interpretando a política da empresa, para aplicar os procesos administrativos establecidos na selección, na contratación, na formación e no desenvolvemento dos recursos humanos.



l) Recoñecer a normativa legal, as técnicas asociadas e os protocolos relacionados co departamento de recursos humanos, analizando a problemática laboral e a documentación derivada, para organizar e supervisar a xestión administrativa do persoal da empresa.

m) Identificar a normativa, realizar cálculos, seleccionar datos, formalizar documentos e recoñecer as técnicas e os procedementos de negociación con provedores e de asesoramento a clientes, para realizar a xestión administrativa dos procesos comerciais.

n) Recoñecer as técnicas de atención á clientela e ás persoas usuarias, e adecualas a cada caso, analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades relacionadas.

ñ) Identificar modelos, prazos e requisitos para tramitar e realizar a xestión administrativa na presentación de documentos en organismos e administracións públicas.

o) Analizar e utilizar as oportunidades e os recursos de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

q) Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.

u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.



v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nas actividades e nos traballos realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaz de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

### **Técnico superior en construcións metálicas**

Decreto 44/2010 - Artigo 9. Obxectivos xerais

Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Determinar as especificacións de fabricación, mediante a análise da estrutura do produto de construción metálica, para realizar o seu desenvolvemento.

b) Interpretar a información contida nos planos de detalle e de conxunto, mediante a análise do seu contido, para determinar o proceso de mecanización ou de montaxe.

c) Analizar as necesidades operativas na execución das fases e as operacións de mecanización en relación coas características do produto final, para distribuír en planta os recursos necesarios no desenvolvemento do proceso.

d) Analizar as necesidades operativas na execución das fases e as operacións de montaxe, en relación coas características do produto final, para distribuír en planta os recursos necesarios no desenvolvemento do proceso.

e) Interpretar a listaxe de instrucións de programas, tendo en conta a relación entre as súas características e os requisitos do proceso, para supervisar a programación e a posta a punto de máquinas de control numérico, robots e manipuladores.

f) Recoñecer e aplicar ferramentas e programas informáticos de xestión, e xustificar a súa eficacia no proceso, para programar a produción.

g) Recoñecer e aplicar técnicas de xestión, e analizar o desenvolvemento dos procesos para determinar o aprovisionamento dos postos de traballo.



h) Identificar e valorar as continxencias que se poidan presentar no desenvolvemento dos procesos, analizar as súas causas e tomar decisións para resolver os problemas que orixinan.

i) Interpretar os plans de mantemento dos medios de produción en relación coa aplicación de técnicas de xestión, para supervisar o seu desenvolvemento e a súa aplicación.

j) Analizar os sistemas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental, e identificar as accións necesarias para manter os modelos de xestión e sistemas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

k) Valorar a adaptación aos cambios do equipo de traballo mediante a mellora e a innovación dos procesos produtivos, co fin de aumentar a competitividade.

l) Determinar posibles combinacións de actuacións de traballo en equipo, e valorar con responsabilidade a súa incidencia na produtividade, para cumprir os obxectivos de produción.

m) Identificar novas competencias mediante a análise dos cambios tecnolóxicos e organizativos, e definir as actuacións necesarias para as conseguir e para se adaptar a diferentes postos de traballo.

n) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

o) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.

p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral, para xestionar a propia carreira profesional.

q) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

#### **Técnico en soldadura e caldeiraría**

Decreto 46/2010 - Artigo 9. Obxectivos xerais

Segundo o Decreto anterior, os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Identificar, analizar e caracterizar as fases de fabricación de construcións metálicas, interpretando as especificacións técnicas, para establecer o proceso máis axeitado.



b) Seleccionar ferramentas e equipamentos tendo en conta a relación entre as súas características tecnolóxicas, o seu funcionamento e as necesidades do proceso, para acondicionar a área de traballo.

c) Recoñecer as características de programas de control numérico, robots e manipuladores, tendo en conta as relacións entre as linguaxes de programación e as súas aplicacións, para preparar máquinas e sistemas.

d) Analizar as técnicas de trazar, cortar, mecanizar e conformar, e manipular os controis das máquinas, xustificando a secuencia operativa para obter produtos de construcións metálicas.

e) Identificar as fases e as operacións que haxa que realizar, e analizar os procedementos de traballo e a normativa para montar estruturas metálicas e tubaxes.

f) Identificar os valores dos parámetros de traballo e analizar o proceso de soldaxe ou de corte, para preparar e pór a punto os equipamentos de soldadura ou de corte.

g) Recoñecer e manexar os equipamentos de soldadura ou corte, e describir a secuencia operativa para unir, cortar ou reparar compoñentes de construcións metálicas.

h) Recoñecer as técnicas de ensaios en relación coas prescricións de resistencia estrutural e de estanquidade que haxa que cumprir, para verificar a conformidade de produtos e instalacións.

i) Medir parámetros de compoñentes de construcións metálicas mediante o cálculo do seu valor e a súa comparación coas especificacións técnicas, para verificar a súa conformidade.

j) Identificar os tratamentos de protección en relación coas características do produto final, para protexer tubaxes.

k) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipamentos, e xustificar a súa importancia, para asegurar a súa funcionalidade.

l) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as causas que as provocan e describir as accións correctoras, para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.

m) Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos para actuar de acordo con normas estandarizadas.

n) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.



o) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.

p) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

q) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Tendo en conta os anteriores obxectivos, este proxecto educativo de centro propón a adecuación dos mesmos ao contexto do IES Johan Carballeira, en base ás seguintes premisas:

**- Adaptación ao contexto económico.**

No desenvolvemento da actividade docente teranse en conta as características do sistema produtivo da contorna do centro, non só do concello de Bueu, senón tamén dos concellos próximos, como son Marín, Cangas e Moaña, xa que a maior parte do noso alumnado provén de toda a comarca. Igualmente teranse en conta as perspectivas de crecemento das empresas relacionadas cos sectores produtivos, nos que poderían inserirse a nivel laboral o noso alumnado. En concreto, no noso territorio de influencia destacan as empresas do sector naval e do sector servizos. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2018 existían na comarca 5.426 empresas, a gran maioría delas de pequeno tamaño, micropemes, e que converteron á comarca no quinto motor económico da provincia de Pontevedra.

**- Adaptación ao contexto educativo, social e cultural.**

O alumnado do noso centro que cursa estudos de formación profesional conta cunha preparación previa diversa. Na formación profesional básica atopámonos con alumnado que non finalizou os seus estudos de ESO. Nos ciclos formativos de grao medio a gran maioría do alumnado conta co título da ESO como únicos estudos previos. O alumnado dos ciclos formativos de grao superior presenta un perfil máis diverso: bacharelato, proba de acceso, outro ciclo formativo, etc... e mesmo temos algún alumnado que provén do sistema universitario. Polo xeral é alumnado de orixe galega, que domina sen problemas as dúas linguas oficiais na nosa comunidade autónoma, aínda que contamos cun número reducido de alumnado inmigrante, especialmente de orixe árabe e en menor medida suramericano. O profesorado que imparta docencia ao alumnado inmigrante prestará unha especial atención ás dificultades lectoras que poida presentar, para facilitar, dentro do desenvolvemento normal das clases, a comprensión da materia obxecto de estudo.





No referente á tipoloxía de familias do centro, atopámonos principalmente con familias cun nivel socioeconómico medio. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2016 a renda dispoñible bruta por habitante na comarca do Morrazo era de 12.666 euros anuais.

A nivel cultural, no concello e Bueu destacan dúas celebracións que teñen lugar durante o período escolar, o San Martiño e ou Entroido. Con motivo de poñer en valor as tradicións propias da zona e fomentar a transmisión desta riqueza inmaterial, no centro educativo levan a cabo actividades relacionadas con estas celebracións, nas que participan, de forma destacada, alumnado de formación profesional. Así, na celebración do San Martiño, alumnado da formación profesional básica colabora na realización do magosto e, na celebración do Entroido, alumnado dos ciclos formativos da familia de Imaxe Persoal participan en diversas actividades de maquillaxe e barbería que ofrecen ao resto do alumnado.

**- Adaptación ás condicións cambiantes da contorna profesional de cada ciclo formativo ou familia profesional.**

Neste sentido, teranse en conta as actualizacións legislativas, tecnolóxicas e profesionais (aplicacións informáticas, ferramentas, procedementos de traballo, técnicas, ...) que poidan afectar o desenvolvemento das ocupacións e vos postos de traballo máis común de cada ensinanza de formación profesional.

**- Adaptación ás características e ao perfil de alumnado.**

A procedencia do noso alumnado, a súa idade, os seus intereses, a súa bagaxe cultural, a súa dispoñibilidade de tempo para o estudo ou as súas cargas familiares, é moi variada e cambiante dun curso académico a outro e dunha aula a outra, pero, en todo caso, esta diversidade será tida en conta polo profesorado á hora de exercer a súa actividade docente, por medio dunha programación didáctica que se aplicarán de forma flexible. Igualmente será tida en conta a posible diferenza académica e formativa que presente o alumnado que cursa un mesmo nivel formativo.

Para atender as necesidades e intereses do alumnado, poderase planificar a asistencia e/ou participación en xornadas especiais, feiras, simposios, relatorios, talleres, charlas, visitas a empresas ou celebracións tanto dentro do centro como fóra do. Estas actividades extraescolares, ademais de fomentar a actualización de coñecementos, pretender achegar ao alumnado á realidade do sector económico de referencia e á contorna social e laboral.



## 4. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño establécese que no proxecto educativo e nas programacións didácticas se fixarán as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

Destaca tamén que o feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

Tamén se precisa que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada curso serán concretados nas programacións didácticas, de xeito que cada centro docente poida determinalos en función das instalacións e dos recursos materiais dos que dispón, ademais das características do contorno onde se localiza. Estes contidos serán diferentes nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nunha grande variedade de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

Antes de que os Departamentos didácticos inicien o traballo de planificación e co fin de coordinar e homoxeneizar os resultados, a Comisión de Coordinación Pedagóxica establecerá o, no seu caso, revisará as directrices xerais para a elaboración ou revisión das Programacións didácticas, do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial.

Estas directrices teñen por finalidade coordinar os traballos de planificación do curso e de programación das ensinanzas que os departamentos han realizar ao longo do mes de setembro así como facilitar que todas as programacións respondan a uns criterios homoxéneos.

A programación didáctica ha servir aos obxectivos fundamentais de:

- a) Garantirmos a unidade e coherencia das ensinanzas que os distintos profesores/as do área ou materia imparten nun mesmo curso, asegurando que súa práctica educativa se sustente nuns principios educativos comúns dentro da área.



- b) Asegurarmos a continuidade das ensinanzas correspondentes a unha mesma área ou materia ao longo dos distintos cursos.
- c) Para facilitarmos que a elaboración da programación sexa froito do traballo conxunto dos profesores/as do departamento, estes seguirán o calendario de actuacións e reunións que se establezan a tal efecto.
- d) Os departamentos didácticos elaborarán as programacións correspondentes ás novas ensinanzas que lles foron encomendadas y revisarán as xa utilizadas no curso anterior para introduciren as melloras oportunas, de acordo ao disposto no artigo 68 do Regulamento Orgánico e ao establecido, segundo o caso, na normativa de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Na revisión ou elaboración das Programacións didácticas prestaráselles especial atención aos aspectos máis directamente relacionados coas medidas educativas complementarias para a atención aos alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe ou que teñan avaliación negativa nas áreas do curso anterior ou materias pendentes, co dereito dos alumnos a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme aos criterios obxectivos e co procedemento para avaliar aos alumnos aos que non se lles poida aplicar a avaliación continua.

Neste curso, debido á situación COVID, nas programacións figurarán os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, así como os procedementos para a recuperación das partes non superadas.

A programación de cada unha das áreas ou materias asignadas a cada departamento será redactada polo Xefe do Departamento nun documento independente, 37 precedido dun índice e debidamente paxinado.

Unha vez redactada, cada programación será aprobada polos membros do Departamento, recolléndose dito acordo na acta correspondente.

Os Xefes de Departamento velarán por que os procesos de ensinanza e de avaliación que se desenvolvan nas aulas se axusten ás correspondentes Programacións didácticas e ás necesidades educativas dos alumnos/as.

Os distintos apartados de cada unha das programacións organizaranse seguindo unha mesma orde.

**A estrutura básica das programacións docentes deberán incluír os seguintes aspectos**

( Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa):



1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado compoñente do departamento.

3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introducción e contextualización.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

1º. Temporalización.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.



- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
- o) Composición do departamento.

### **A estrutura básica da programación docente de formación profesional.**

Os distintos departamentos deberán seguir as pautas establecidas no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, para a elaboración das programacións. A programación, que se organizará en unidades didácticas, deberá concretar os seguintes aspectos:

- a) Identificación da programación.
- b) Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- c) Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
- d) Por cada unidade didáctica precisarase:
  - Identificación da unidade didáctica.
  - Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.
  - Obxectivos específicos.
  - Contidos.
  - Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.
  - Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
- e) Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.



f) Procedemento para a recuperación das partes non superadas:

-Procedemento para definir as actividades de recuperación.

-Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

g) Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

h) Medidas de atención á diversidade:

-Procedemento para a realización da avaliación inicial.

-Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

O equipo docente adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención. Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Dado o carácter singular do módulo de formación en centros de traballo e do módulo de proxecto, débese seguir as pautas establecidas pola consellería con competencias en materia de educación para elaborar dita programación.

## **5. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

Segundo cabe inferir do sinalado nos puntos anteriores, o problema metodolóxico principal que debe abordarse neste P.E.C. é a adopción axeitada dun modelo psicopedagóxico unitario, que poda servir de base ás distintas ensinanzas incluídas na complexa oferta educativa do I.E.S. Johan Carballeira -cada unha das cales precisa dos seus propios medios, ritmos educativos e procedementos (ESO, Bacharelato, Ciclos formativos de grao medio e superior, FPB, ESA e Bacharelato de adultos)-, e permita ao mesmo tempo acadar os obxectivos pedagóxicos básicos de carácter xeral.



Á luz destes feitos e propósitos, parécenos evidente que o enfoque didáctico adoptado como eixo vertebrador das citadas ensinanzas e as súas materias específicas non pode ser outra que a chamada **CONCEPCIÓN CONSTRUCTIVISTA DA APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA**, cuxos presupostos sintetizan as teorías da aprendizaxe proporcionadas pola psicoloxía cognitiva e evolutiva. De acordo con esta concepción, a aprendizaxe escolar non é entendida como a mera internalización, máis ou menos pasiva, duns significados e principios exteriores previamente dados; senón como un proceso continuo de construción activa, froito da reorganización, axuste e crecemento dos coñecementos por parte do alumno, grazas ás mediacións exteriores (actividades, informacións e acción do profesor). O verdadeiro motor da aprendizaxe é, sen dúbida, pois, o conflito cognitivo, e a necesidade por parte do que aprende de atopar novos significados cada vez máis coherentes e significativos. Mais, para que esta construción poda chegar a realizarse por parte do alumnado, é preciso que as citadas “mediacións exteriores” proporcionen unha achega continua de información axeitada ás necesidades concretas, conceptuais e psicolóxicas do alumno, de acordo coas “catro accións fundamentais” indicadas pola práctica da pedagogía construtivista:

- Partir das ideas e esquemas previos do alumno ou alumno.
- Prever a repercusión do traballo e a adquisición das novas competencias.
- Aplicar estes novos conceptos e coñecementos a situacións concretas que favorezan o seu arraigo nos alumnos, e sirvan de base a novas construcións.
- Incidir desta forma na capacidade de construír a súa propia aprendizaxe.

Os principios de carácter metodolóxico que se indican a continuación terán carácter xeral e servirán como guía para a elaboración das programacións didácticas específicas elaboradas no marco dos diferentes ámbitos e departamentos educativos, tendo en conta as distintas normativas que regula o currículo das distintas etapas educativas.

## **5.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS**

A metodoloxía será aberta, flexible, diversificada e individualizada para contribuír ó logro das capacidades requiridas nestes niveis. Será, por tanto:

- Un método predominantemente activo.
- Realista, tanto en canto á súa temática coma aos intereses do alumno.
- Aberta e flexible, de maneira que permita introducir situacións específicas.
- Motivadora, atendendo ás preocupacións do grupo.
- Interdisciplinar, relacionando varias áreas.



- Contextualizada, é dicir, adaptada ao medio.

## **5.2. PROCEDEMENTOS METODOLÓXICOS COMÚNS**

- Partir dunha avaliación inicial do alumnado que valore as competencias que posúe, tendo sempre en conta o seguinte nivel que se pretende acadar.
- Asegurar a construción dunha aprendizaxe con sentido, coherencia e significado para o alumnado.
- Enfoque activo e experimental. Promover a actividade do alumnado.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.
- Alternancia de estratexias didácticas ou metodolóxicas adaptadas ás características do profesorado e de cada grupo-clase.
- Apostar pola adopción dunha metodoloxía que favoreza a creatividade, o traballo en equipo, e as habilidades comunicativas.

## **5.3. APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS CONSTRUTIVISTAS ÁS VARIABLES QUE CONTRIBÚEN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Tomaremos como fundamento as seguintes variables:

- O espazo e o tempo.
- Os materiais curriculares.
- Deseño de actividades.
- Actividades didácticas do profesorado e a aprendizaxe do alumnado.
- Formas de traballo na aula.
- Formas de traballo cooperativas: proxectos interdisciplinares, grupos cooperativos, grupos heteroxéneos.

### **O ESPAZO E O TEMPO**

O uso aberto destas variables asegura a xeneralización das seguintes competencias:

- “Iniciativa e Espírito Emprendedor, pois ofrece situacións onde é posible para os





alumnos e alumnas participar na toma de decisións.

- "Competencia social e cidadá", pois require un maior nivel de responsabilidade.
- Abre novas posibilidades para aprender a aprender de forma máis atractiva, pois permite unha comunicación lingüística positiva e promove un clima de confianza e colaboración.
- Amplía, grazas a confianza nas súas capacidades adquirida polos alumnos e alumnas, a súa competencia no Tratamento da Información e na súa competencia Dixital.

## **MATERIAIS CURRICULARES**

En liñas xerais, os materiais curriculares proporcionados procurarán cumprir os seguintes criterios:

- Favorecer a procura de información en distintos medios convencionais e informáticos.
- Garantir a posibilidade de elección de distintas opcións, na aprendizaxe cooperativa, a comunicación e o intercambio lingüístico.
- Empregar códigos diversos.

## **DESEÑO DE ACTIVIDADES**

- Informar o alumnado dos obxectivos e contidos.
- Utilizar escenarios e situacións reais.
- Lograr unha comunicación positiva mediante a escoita activa e o diálogo.
- Modelar e guiar as aprendizaxes en proceso de adquisición.
- Incorporar actividades novas tecnoloxías.
- Graduar e diversificar as actividades.
- Promover a autonomía e a iniciativa persoal.
- Estimular a curiosidade para comprender e coñecer a realidade.
- Facilitar a aprendizaxe identificando o erro (revisión, autocorrección...)
- Asegurar a implicación do suxeito na súa aprendizaxe.
- Incorporar hábitos de control e rigor.
- Axudar a asumir éxitos e fracasos.
- Utilizar estratexias cooperativas e buscar compromiso e colaboración coas familias, aspectos que desenvolveremos con meirande detalle o tratar as formas de traballo cooperativas.



## FORMAS DE TRABAJO NA AULA

- Avaliación autorreguladora da aprendizaxe.
- Programas que desenvolvan as habilidades sociais e o crecemento en valores.
- Reforzo educativo preventivo.
- Uso integrado das novas tecnoloxías: Webquest, blogs, aula virtual...
- Actividades colectivas e solidarias: exposicións, dramatizacións, xornadas temáticas...
- Actividades que traballen as intelixencias múltiples.
- Actividades que integren o cotián e social.
- Proxectos de traballo, investigacións e problemas abertos, estimulando sempre a cooperación do grupo.

O traballo por proxectos favorece a motivación e a aprendizaxe do alumnado xa que se ten en conta a diversidade de intereses e estilos de aprendizaxe, e favorécese o desenvolvemento de habilidades e destrezas diversas (actividades de captación de coñecementos previos do alumnado, actividades de introdución ao tema para motivar o alumnado, actividades de busca e tratamento da información, actividades de aplicación...)

Fundaméntase así a aprendizaxe significativa, posibilitando, por una banda, que cada alumna/o poida controlar a súa propia aprendizaxe, promovendo a implicación, o pensamento crítico e a iniciativa persoal; e, pola outra, promóvese a integración do esforzo individual no traballo do grupo.

## FORMAS DE TRABAJO COOPERATIVAS: GRUPOS COOPERATIVOS, GRUPOS HETEROXÉNEOS INTERACTIVOS, PROXECTOS INTERDISCIPLINARES.

O traballo cooperativo por proxectos na aula posúe unha importancia capital na aprendizaxe, e supón un primeiro paso para relacionar o mundo escolar co mundo fóra da aula. Agora ben, o desenvolvemento dos principios metodolóxicos comúns xa sinalados –en particular “a procura da harmonía entre individualización e socialización” e a fixación da capacidade de aprender a aprender- só pode alcanzarse proxectando o esforzo persoal e cooperativo dos alumnos e alumnas máis aló do ámbito do aula.

Limitarémonos aquí a apuntar tres formas contrastadas do traballo colectivo heteroxéneo e interdisciplinar, e das vantaxes que ofrecen no proceso da construción da aprendizaxe.



## **GRUPOS COOPERATIVOS**

É unha proposta que facilita que os alumnos dun grupo-clase heteroxéneo, ou de diversas aulas, poidan aprender de forma máis significativa, na medida que pon a énfase no ensino das estratexias de aprendizaxe que han de dominar os alumnos para ser cada vez máis autónomos, e nos procesos motivacionais e socioafectivos que contribúe a xerar neles unha autoestima positiva, imprescindible para a aprendizaxe.

Facilita o que o profesor ou profesores poidan intervir dunha forma máis axustada ás necesidades de cada alumno e que os alumnos poidan interactuar entre eles, de forma que se facilitan os procesos cognitivos tamén imprescindibles para a aprendizaxe.

## **GRUPOS INTERACTIVOS**

É unha modalidade de grupos cooperativos baseada na aprendizaxe dialóxica.

Características:

- Grupos heteroxéneos na aula, ou de varias aulas.
- Organízanse actividades diferentes, tantas como o número de grupos, para realizar ao mesmo tempo.
- Cada actividade dinámizaa unha persoa adulta, que se encarga de toda a sesión.
- Os grupos rotan polas diferentes actividades que duran entre 20' ou media hora.
- O papel da persoa adulta é potenciar as interaccións e a axuda entre iguais.

## **TRABALLO POR PROXECTOS INTERDISCIPLINARES**

Todas as vantaxes apuntadas respecto ó traballo en grupos cooperativos acadan plena expresión no traballo mediante proxectos interdisciplinares, que implican a interacción non só de distintas materias, senón tamén, cando sexa posible, entre alumnos e profesores de distintos grupos, deixando sempre aberta a participación das familias. Estes proxectos interdisciplinares deben fomentar actividades diversificadas -saídas didácticas: naturais, históricas, artísticas, museos... Faladoiros literarios, encontros con artistas-, máis, sobre todo, ten que establecerse como un instrumento de desenvolvemento constante, apto tanto para as etapas iniciais da E.S.O. como para etapas posteriores. Neste sentido, no presente P.E.C. preséntanse diversas propostas e proxectos relativas a grupos de 1o da E.S.O.; mais é propósito do equipo docente consolidar o traballo mediante proxectos interdisciplinares como un dos instrumentos esenciais



en todos os niveis da aprendizaxe, xa que a propia dinámica destes traballos constitúe a esencia da construción significativa do coñecemento.

## DESEÑO UNIVERSAL PARA A APRENDIZAXE

É un modelo de ensino-aprendizaxe que propón eliminar as barreiras para aprender a aprender, poñendo en práctica un modelo flexible e multidisciplinar que de entrada considera que non hai diferenzas entre o alumnado, e por tanto hai que potenciar as habilidades de cada un dos estudantes usando diferentes estratexias que faciliten a aprendizaxe a todo tipo de alumnado, propiciando así a total igualdade de oportunidades de aprender.

Antes ca nada débese evitar considerar ó alumnado como “con” ou “sen” necesidades educativas especiais, entendendo que todos e todas teñen necesidade (de aprender) educativa (de educarse e seren educados e educadas) especial (coas características individuais de cada quen).

Ademáis débese incidir no aumento de horas non lectivas, reducir as avaliacións e as probas e crear espazos de discusión e reflexión na comunidade educativa na súa totalidade.

Por último, é necesario flexibilizar o horario escolar para facer posible que varios profesores e profesoras de distintas materias compartan o mesmo espazo co alumnado ó mesmo tempo favorecendo así a interdisciplinariedade durante máis dunha sesión de xeito continuado, para traballar e aprender de xeito cooperativo.

## 6. INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS

Según a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) no BOE núm 295, un dos principios en que se inspira o Sistema educativo español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Prevese tamén como fin a cuxa consecución se orienta o Sistema educativo español a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.



Esta lei orgánica considera esencial a preparación para a cidadanía activa e a adquisición das competencias sociais e cívicas, recollidas na Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente. No contexto do cambio metodolóxico que esta lei orgánica propugna abórdase esta necesidade de forma transversal ao incorporar a educación cívica e constitucional a todas as disciplinas durante a educación básica, de forma que a adquisición de competencias sociais e cívicas se inclúa na dinámica cotiá dos procesos de ensino e aprendizaxe e se potencia desa forma, a través dun enfoque conxunto, a súa posibilidade de transferencia e o seu carácter orientador.

No punto cento dous, engádesse unha nova disposición adicional, a cuadraxésimo primeira, sobre a prevención e resolución pacífica de conflitos e valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos:

No currículo das diferentes etapas da educación básica terase en consideración a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos, que debe incluír en todo caso a prevención da violencia de xénero e o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Para a educación en valores, é necesario un currículo transversal de elementos traballados dende as distintas áreas e materias e dende a dirección do centro. A finalidade é que o alumnado acade, a través da diversidade de proxectos, disciplinas, eventos, regulamentos, clases, técnicas, exercicios, obradoiros e experiencias, a forma de realizarse como un ser humano con autonomía e sensible á problemática social actual.

As ensinanzas transversais deberíanse ensinar fundamentalmente no seo familiar, e reforzarse no centro educativo. Deben constituír unha responsabilidade de toda a comunidade educativa, estando presentes no PEC e nas distintas programacións de aula.

Segundo o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia*, no seu artigo 4, implántanse os “elementos transversais” que fan referencia a problemas ou realidades sociais (comprensión lectora, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información, emprendemento, igualdade de trato en non discriminación, resolución pacífica de conflitos, prevención da violencia de xénero, seguridade viaria, etc), que actualmente demandan unha acción educativa na formación da cidadanía.

Mais deberemos ter en conta que no artigo 3 deste decreto, implántanse as chamadas “competencias” que aportan tamén unha educación integral e transversal do alumnado: comunicación lingüística; matemática, ciencia e tecnoloxía; dixital; aprender a aprender; social e



cívica; iniciativa e sentido emprendedor; conciencia e expresións culturais.

En conxunto, trátanse todos eles de contidos que responden a un proxecto de desenvolvemento persoal e integro do alumnado, de cara á consecución dunha sociedade madura, máis libre e pacífica, máis respectuosa e tolerante coas persoas e o medio ambiente.

As “competencias” estarán deseñadas e integradas nas distintas materias para os diferentes niveis na ESO, e avaliaranse cada unha delas de maneira individual.

Os elementos transversais para a educación en valores, traballaranse a partir das distintas áreas e proxectos, individuais e/ou en equipo.

1.- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación.

Potenciarase, dende todos os ámbitos, o fomento da lectura entre o alumnado. Deberase contribuír neste aspecto, tendo en conta a relevancia desta actividade na súa formación.

Así mesmo debemos involucrar a educación coas novas tecnoloxías, e incentivar o emprendemento na consecución de proxectos.

2.- Educación cívica e constitucional.

A educación cívica e constitucional fai referencia á unha postura ética acorde con valores democráticos, solidarios e participativos. Os obxectivos que persegue serían:

- Detectar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas sociais vixentes.
- Neste aspecto é importante formar cidadáns críticos con capacidade de valorar as diferentes informacións e ter posturas e decisións ao respecto.
- Construír formas de vida máis xustas, tanto nos ámbitos interpersoais como nos colectivos.
- Elaborar autonomamente, racional e a través do diálogo, principios xerais de valor que axuden criticamente á realidade.
- Conseguir que as rapazas e os rapaces fagan seu aquel tipo de comportamentos coherente cos principios e normas qu persoalmente se constrúan.
- Lograr que adquiran aquelas normas que a sociedade, de xeito democrático, buscan a xustiza e o benestar colectivo.

En consecuencia, é importante formar persoas para que adquiran autonomía e pensamento crítico, para fomentar actitudes de respecto polos dereitos humanos, solidariedade cos colectivos discriminados e valoración do pluralismo e a diversidade.



### 3.- Igualdade entre sexos.

Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre mulleres e homes, base esencial para a prevención da violencia machista. Neste senso, traballarase:

- Análise crítica da realidade, corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, tarefas domésticas, etc.
- Consolidar hábitos non discriminatorios, evitando comportamentos sexistas.
- Conciencia sobre a liberdade individual de mulleres e homes. As relacións a través do respecto.

De igual maneira rexeitarase a discriminación por distinta orientación sexual. Se deberá procurar:

- Desenvolvemento da autoestima e dunha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Evitar estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Favorecer a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual.

Buscarase eliminar calquera tipo de discriminación ou intolerancia, non só no plano das ideas, senón e sobre todo no das condutas persoais e sociais, reflectidas no vivir diario, nos medios de comunicación, nos centros de traballo, lugares de ocio, etc...

### 4.- Educación para a paz.

A educación para a paz concíbese como un proceso educativo, continuo e permanente, a través do cal preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

- Comprenda que o concepto de paz non é ausencia de guerra, senón a antítese da violencia.
- Tome conciencia de que o conflito é un proceso natural inherente á natureza humana e non necesariamente negativo, senón que en ocasións cando está ben encamiñado, serve para clarificar intereses, valores e aspiracións e, polo tanto, a resolución do conflito pode ter consecuencias positivas.
- Asuma unha serie de valores, tales coma a xustiza, a cooperación, a solidariedade, e se cuestionen aqueles que son contrarios á paz, coma a discriminación, intolerancia, indiferenza, insolidariedade.



- Afronte os seus propios conflitos usando xeitos de resolución mediante o diálogo e o consenso. e. Constrúan e potencien unhas relacións de paz entre os actores do proceso de ensino-aprendizaxe.

Deberase promover no alumnado a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, fundamentada en tres bases:

- Estudo e xeito de afrontar o conflito, e escoller unha posición entre os mesmos.
- Desenvolvemento dunha certa competencia para intervir na súa regulación de xeito positivo.
- Crítica e conformismo, a obediencia e a pasividade.

Promoveranse ademais valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a pluralidade, a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Neste ámbito, os compoñentes da educación para a paz serían:

- Educación para a comprensión internacional.
- Educación para os dereitos humanos.
- Educación intercultural.
- Educación para o desarme.

Estes aspectos van ligados intimamente á problemática actual da migración de persoas que saen de países en guerra ou por outro tipo de conflitos.

#### 5.- Desenvolvemento do espírito emprendedor.

Promoverase que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

#### 6.- Educación para a saúde.

Débase partir dun concepto integral da saúde como benestar físico, biolóxico, mental, individual, social e medioambiental. Propóñense os seguintes obxectivos:

- Adquisición dun coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e do xeito de previlas e curalas.
- Desenvolvementos de hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta...
- Incentivar a actividade física.





- Educación para a prevención de adicións: drogas, tabaco, alcohol...

#### 7.- Educación afectivo sexual.

A educación afectiva sexual representa un aspecto de grande importancia na formación integral do alumnado, porque, mais alá do coñecemento puramente biolóxico, explica procesos transcendentais como a construción da identidade de xénero ou das relacións afectivas no ámbito da nosa cultura. Se queremos construír unha sociedade en igualdade, é imprescindible unha educación afectiva e sexual de calidade.

Pretenderase que o alumnado aprendan a coñecerse, a aceptarse e a vivir a súa sexualidade dun xeito positivo e satisfactorio, contribuíndo así ao seu pleno desenvolvemento persoal e social. Con este fin a través de materias e programas, traballarase:

- Rexeitamento dun modelo de dominio submisión nas relacións afectivo sexuais.
- Reflexión crítica sobre o consumo da pornografía como fonte dunha educación sexual que promove a violencia nas relacións e vehicula esteriotipos nos roles de parella.
- Coñecemento e respecto polas diferentes orientacións sexuais.
- Riscos nas relacións afectivo-sexuais: prevención de embarazos non desexados e sobre todo, as enfermidades de transmisión sexual.

#### 8.- Educación ambiental

Fomentarase o coñecemento da situación do medio ambiente, cambio climático, quentamento global, fomentarase o aforro enerxético, a reciclaxe de materiais, loitar contra a contaminación ambiental, respecto ás culturas e o seu entorno, plantas e animais e á natureza en xeral.

## **7.CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO**

### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

1. Considerando o establecido no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de



Galicia e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos e terá como referentes as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa.

Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.

2. A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador, permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

3. Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

## **TITULACIÓN E PROMOCIÓN**

### **ESO**

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

2. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de docentes do alumno ou alumna concreto, atendendo ao logro dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A normativa vixente (artigo 23 do decreto 86/2015) establece que con carácter xeral, o alumnado promocionará de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou ser avaliado negativamente en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente LG e MAT ou LC e



MAT.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción con tres suspensas cando:

- a) Non sexan simultaneamente LG e MAT ou LC e MAT.
- b) O equipo docente considere que as materias suspensas non lle impedirán seguir con éxito o curso seguinte, e haxa expectativas favorables de recuperación ou se considere que a promoción é recomendable.
- c) Que se lle aplique as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderá tamén autorizarse de forma excepcional a promoción dun membro do estudantado con avaliación negativa en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas de forma simultánea cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 do artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Aos efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles alumnos e alumnas que cursen Lingua Galega e Literatura, só se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que poidan cursar máis materias do devandito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas. A materia Lingua Galega e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura.

**3.** Co fin de facilitar ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, os diferentes departamentos didácticos regularán as condicións para a recuperación destas materias, que se darán a coñecer no mes de outubro de cada curso escolar.

**4.** Quen promocioe sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia será tida en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.



**5.** O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, prolongarase un ano o límite de idade ao que se refire o apartado 2 do artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcionalmente, un alumno ou alumna poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

**6.** En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

**7.** Coa finalidade de facilitar que todos os alumnos e as alumnas logren os obxectivos e alcancen o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, o centro establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada un dos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria entregarase aos pais, nais ou titores legais de cada estudante un consello orientador, que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, ao alumno ou alumna do itinerario máis adecuado a seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento ou a un ciclo de Formación Profesional Básica. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

**8.** Tras cursar o primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria, así como unha vez cursado segundo curso cando o alumno ou alumna se vaia a incorporar de forma excepcional a un ciclo de Formación Profesional Básica, entregarase aos alumnos e alumnas un certificado de estudos cursados.

**9.** O alumnado pode estar exento de ser avaliado de Lingua Galega e Literatura, de conformidade co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia.

**10.** Para que o alumnado con tres materias suspensas promocióne deberá realizarse unha votación na que será preciso obter a maioría absoluta (máis da metade do profesorado que integra a xunta de avaliación e con voto de calidade do titor ou titora en caso de empate). Neste sentido, a promoción con tres materias pendentes deberá facerse dende o convencemento de que esta decisión excepcional beneficia a evolución académica do alumnado por considerar que



este ten expectativas favorables de recuperación ao non impedir, a natureza das súas dificultades de aprendizaxe, a progresión do seu rendemento académico no curso seguinte.

Neste senso, propoñemos como consideracións a ter en conta á hora de votar a promoción con tres materias, que se constate o esforzo do alumno durante o verán, se verifique a vontade de progreso no seu proceso de aprendizaxe e teña en consideración a recuperación doutras materias. Os votos do profesorado serán por materia impartida, tendo dereito a tantos votos como materias impartira ao alumno ou alumna durante o curso. Os membros da xunta de avaliación deberán pronunciarse en sentido positivo ou negativo, non sendo posible a abstención nin o voto en branco.

**11.** As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas e seguirá os programas de reforzo (P.R.P.). Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

### **Título de graduado en educación secundaria obrigatoria e certificacións**

Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:

- a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.
- b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou a alumna superasen a avaliación polas dúas opcións de avaliación final a que se refire o artigo 22.1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan, tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións.

En caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria pola superación da proba para persoas maiores de dezaioito anos, a cualificación final da educación secundaria obrigatoria será a obtida na devandita proba.

No título deberá constar a opción ou as opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final da educación secundaria obrigatoria.

Farase constar no título, por dilixencia ou anexo a este, a nova cualificación final da educación secundaria obrigatoria cando o alumno ou a alumna se presentasen de novo á



avaliación pola mesma opción para elevar a súa cualificación final.

Tamén se fará constar, por dilixencia ou anexo, a superación polo alumno ou a alumna da avaliación final por unha opción diferente á que xa conste no título, en cuxo caso a cualificación final será a máis alta das que se obteñan tendo en conta os resultados de ambas as opcións.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.

Os alumnos e as alumnas que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título ao que se refire este artigo recibirán unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Esta certificación será emitida polo centro docente no que o alumno ou a alumna estivese matriculado/a no último curso escolar e nela consignaranse os seguintes elementos:

- a) Datos oficiais identificativos do centro docente.
- b) Nome e documento acreditativo da identidade do/da estudante.
- c) Data de comezo e finalización da súa escolaridade.
- d) As materias ou os ámbitos cursados, coas cualificacións obtidas nos anos que permaneceu escolarizado/a na educación secundaria obrigatoria.
- e) Informe da xunta de avaliación do último curso escolar no que estivese matriculado/a, no que se indique o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes, así como a formación complementaria que debería cursar para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para estes efectos, a consellería con competencias en materia de educación porá á disposición dos centros docentes os instrumentos necesarios para realizar este informe.

A Administración educativa determinará, en función do contido das letras d) e e), as partes que se consideran superadas das probas que organice para o acceso aos ciclos formativos de grao medio ou, nos termos previstos no artigo 68.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tras cursar o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como despois de cursado o segundo curso cando o alumno ou a alumna vaian incorporarse de xeito excepcional a un ciclo de formación profesional básica, entregaráselles aos alumnos e ás alumnas un certificado dos estudos cursados, co contido indicado nas letras a) a d) do apartado 4, e un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias



correspondentes.

## **BACHARELATO**

Teranse en conta as normas da Lei Orgánica 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29/06/2015) e da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE-A-20067899).

Na avaliación teremos presente:

1. O grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

5. A consellería con competencias en materia de educación garantizará o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.

6. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do/da estudante, coa coordinación do/da titor/a, valorará a súa evolución no conxunto das materias e a súa madurez educativa en relación cos obxectivos do bacharelato e as competencias correspondentes.



7. Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, os departamentos do centro organizarán as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen, como indique a Consellería.

### **Promoción**

Ao finalizar o 1º curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará as decisións sobre a súa promoción ao 2º curso tendo en conta que:

- a) As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao 2º curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- b) Os alumnos e as alumnas do primeiro curso de bacharelato que non cumpran coas condicións de promoción anteriormente establecidas, deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade segundo indica a resolución do 29 de maio 2019, da Dirección Xeral de Educación.
- c) O alumnado que conseguise a promoción a segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os distintos departamentos organizarán as actividades de recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3

### **Permanencia dun ano máis no mesmo curso.**

1. Os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.
2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato





nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta. Seguindo estas indicacións cada caso consultarase coa consellería.

3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

### **Continuidade entre materias de bacharelato**

1. O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias (decidindo se é necesario facerlle unha proba ou non) para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

2. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

### **Título de bacharelato**

1. Para obter o título de bacharelato será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

- a) Cun peso do 60 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.
- b) Cun peso do 40 %, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

Os alumnos e as alumnas que estean en posesión dun título de técnico ou de técnico superior, ou de técnico das ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderán obter o título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de materias troncais que como mínimo se deban cursar na modalidade e na opción que escolla o alumno ou a alumna.

2. O título de bacharel facultará para acceder ás ensinanzas que constitúen a educación superior.

3. No título de bacharel constará a seguinte información:



a) Modalidade cursada. No caso de alumnos e alumnas que desexen obter o título de bacharelato por máis dunha modalidade, faranse constar as modalidades que superaran na avaliación final.

b) Cualificación final de bacharelato.

4. .A avaliación positiva en todas as materias do bacharelato sen superar a avaliación final desta etapa dará dereito ao alumno ou á alumna á obtención dun certificado.

### **MATRÍCULA DE HONRA EN 4º DA ESO**

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme os criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

#### **Criterios para a obtención da matrícula de honra:**

No caso de empate na media de cuarto de ESO os criterios a seguir serán os seguintes:

1. Expediente académico de toda a etapa
2. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de sobresaliente en cuarto curso de ESO.
3. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de 10 en cuarto de ESO.
4. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de sobresaliente no primeiro ciclo da ESO.



5. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de 10 no primeiro ciclo da ESO.

6. De continuar o empate, realizarase un sorteo público o máis cedo posible tras a sesión de avaliación.

### **MATRÍCULA DE HONRA NO SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO**

Segundo a ORDE do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e complementase a normativa sobre esta etapa.

Artigo 10:

1. Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.

3. A concreción curricular do bacharelato incluírá nas directrices xerais os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado

E segundo a Orden ECD/334/2012, del 15 de febrero, por la que se modifica la Orden ESD/3725/2008, de 12 de diciembre, sobre evaluación en Bachillerato no ámbito de gestión do Departamento y se establece la distinción «Matrícula de Honor» en el segundo curso de bachillerato

«6. Aquellos alumnos que después de la evaluación ordinaria de segundo de Bachillerato hayan obtenido en las calificaciones de este curso una nota media igual o superior a nueve podrán obtener la distinción de “Matrícula de Honor”. Dicha distinción se concederá a un número no superior a uno por cada veinte alumnos o fracción resultante superior a quince del conjunto del alumnado matriculado en el centro educativo en segundo curso de Bachillerato.

7. Los equipos docentes de segundo curso de Bachillerato decidirán los alumnos a los que se concede esta “Matrícula de Honor” según criterios previamente acordados y establecidos en el Proyecto Educativo de Centro.



8. La obtención de la “Matrícula de Honor” se consignará en los documentos de evaluación del alumno mediante una diligencia específica y podrá dar lugar a las compensaciones que determinen las diferentes administraciones educativas.»

#### **Criterios para a obtención da matrícula de honra:**

No caso de empate na media de segundo de bacharelato os criterios a seguir serán os seguintes:

1. Expediente académico de primeiro de bacharelato.
2. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de sobresaliente en segundo curso de bacharelato.
3. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de 10 en segundo de bacharelato.
4. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de sobresaliente en primeiro curso de bacharelato.
5. Maior número de materias avaliadas coa cualificación de 10 en primeiro de bacharelato
6. De continuar o empate, realizarase un sorteo público o máis cedo posible tras a sesión de avaliación.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade no centro educativo rexeráse polos principios de normalización



e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro é o documento no que se articula e onde se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o IES diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Ademais dos principios xerais nomeados con anterioridade, a atención á diversidade o propio Plan Xeral de Atención á Diversidade rexirase polos seguintes principios:

- Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do centro terásese en conta a atención á diversidade.
- As accións preventivas e a detección temperá das necesidades educativas terán carácter prioritario, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se promoverán no centro educativo.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade terá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) Formar e asesorar ao profesorado en metodoloxías inclusivas e na atención as características individuais do alumnado.
- b) Detectar de xeito temperá as necesidades educativas do alumnado do centro e a posta en prácticas das medidas de reforzo oportunas.
- c) Establecer protocolos, responsabilidades, definir e concretar con claridade a organización das diferentes medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade nas diferentes etapas e estudos que oferta o centro e que se enumeran a continuación:



## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### Medidas ordinarias de atención á diversidade:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

### Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de Mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- f) Formación Profesional Básica.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Na primeira CCP do curso escolar, estableceranse os criterios pedagóxicos de elaboración de horarios e priorizanse aquelas medidas de atención á diversidade que den resposta ás necesidades detectadas para o curso escolar, de entre as que se teñan definidas no Plan de Atención á Diversidade.



## ACCÍONS PRIORITARIAS NAS DIFERENTES ETAPAS

### Na FPB básica

- A procura da información psicopedagóxica dos centros de procedencia. A transmisión da información e de orientacións relevantes para a labor educadora.
- A coordinación do equipo docente, especialmente na atención ao alumnado con NEE e a xestión dos conflitos na aula.
- O asesoramento nas metodoloxías inclusivas e boas prácticas nesta etapa educativa.
- O apoio ao equipo docente, dentro das posibilidades horarias e organizativas.
- A organización do apoio especialidade por parte da mestra de PT, tendo en conta os criterios de prioridade que se establezan no PAD.
- A atención prioritarias ao alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo e o ensino das linguas vehiculares.

### Na FP de grao medio e superior:

- O asesoramento inicial ao alumnado con NEE respecto das características dos ciclos orientando sobre as posibles dificultades.
- O asesoramento ao equipo docente nas medidas de reforzo, flexibilización ou outras medidas de acceso ao curriculum.

### No bacharelato

O desenvolvemento das orientacións e adaptacións que podan levarse a cabo tamén na realización das ABAU.

### Na ESO

- A coordinación co centro adscrito, na recomendación das medidas de atención á diversidade a aplicar ao alumnado que se incorpora.
- O traslado da información psicopedagóxica e as orientacións educativas oportunas.
- A pronta organización de medidas de atención á diversidade que facilite o tránsito de primaria a secundaria: agrupamentos flexibles, programas de reforzo das materias instrumentais (exención da segunda lingua extranxeira, Adaptacións do curriculum, apoio especializado de Pedagogía Terapéutica)
- O trámite de bolsas e axudas para o alumnado con NEEA coordinación dos servizos de Benestar social e os Servizos Sanitarios.



## PROTOCOLOS

O centro escolar dará a coñecer e actuará adecuando á estrutura organizativa do centro ós diferentes protocolos da Consellería de Educación que afectan á atención á diversidade, a saber:

- Protocolo de Atención educativa domiciliaria
- Protocolo de identidade de xénero
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.